



ESTUDO EXPLORATORIO

DIAGNÓSTICO DO HÁBITAT E DA CONVIVENCIA IGUALITARIA NA CIDADE DE OURENSE

Silvia Pérez Freire (Coord.)
Alba Sousa González
David Casado-Neira
Fátima Braña Rey



Concello de **OURENSE** Igualdade



ESTUDO EXPLORATORIO

DIAGNÓSTICO DO HÁBITAT E DA CONVIVENCIA IGUALITARIA NA CIDADE DE OURENSE

Silvia Pérez Freire (Coord.)

Alba Sousa González

David Casado-Neira

Fátima Braña Rey



Concello de **OURENSE** Igualdade

1.^a edición: Santiago de Compostela, 2019

Edita

Andavira Editora, S. L.
Vía de Édison, 33-35 (Polígono do Tambre)
15890 Santiago de Compostela (A Coruña)
www.andavira.com · info@andavira.com

© Silvia Pérez Freire, polo texto
© Alba Sousa González, polo texto
© David Casado-Neira, polo texto
© Fátima Braña Rey, polo texto

Fotografía da capa por cortesía de Enrique Barreiro Alonso

Impresión e encadernación: Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Impreso en España · *Printed in Spain*

Reservados todos os dereitos. Non se permite a reprodución total ou parcial desta obra, nin a súa incorporación a un sistema informático, nin a súa transmisión en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, fotocopia, grabación ou outros) sen autorización previa e por escrito dos titulares do *copyright*. A infracción dos ditos dereitos pode constituír un delito contra a propiedade intelectual.

Depósito legal: C 2058-2019
ISBN: 978-84-121160-5-2

Este estudo foi financiado con cargo aos créditos recibidos do Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, a través da Secretaría de Estado de Igualdade.

ÍNDICE

1. Presentación	11
1.1. Introducción	11
1.2. Obxectivos	12
1.3. Contextualización da convivencia en Ourense	12
Índices	12
Medios de comunicación	15
1.4. Metodoloxía	16
Primeira técnica: enquisas	16
Segunda técnica: o grupo de discusión	17
Terceira técnica: a entrevista	17
Realización do traballo de campo	19
1.5. Desenvolvemento do estudo	19
2. Informe cuantitativo	21
2.1. Deseño	21
Cuestionario	21
Mostra realizada	21
2.2. Datos demográficos e localización da entidade	22
Sexo	22
Idade	22
Parroquia/Barrio de localización da entidade	23
2.3. Convivencia no concello	23
Valoración do clima de convivencia no concello	24
O que máis preocupa á cidadanía na convivencia	24
Espazos e posibilidades para a convivencia	27
2.4. Desigualdade de xénero	28
Cidade igualitaria coas necesidades	28
Espazos femininos ou masculinos	29
Relevancia da presenza simbólica de mulleres no espazo público	31

2.5. Inseguridade	31
Ourense e a seguridade	32
A vivencia do espazo.	32
Espazos inseguros e seguros.	34
Os factores da inseguridade.	35
A violencia contra as mulleres.	35
2.6. Infraestruturas, dotacións e servizos no concello (IDS)	36
Transporte	36
Valoración de iluminación e limpeza	40
Valoración de infraestruturas, dotacións e servizos (IDS)	41
2.7. Papel do Concello na convivencia	46
2.8. A destacar	47
 3. Informe cualitativo: grupos de discusión	 49
3.1. Deseño	49
Cuestionario	49
Mostra realizada	49
3.2. Identificación de uso e apropiación dos espazos en función do xénero	50
3.3. Mobilidade e accesibilidade	51
Transporte público	51
Transporte privado	53
Estado dos espazos públicos.	53
Dificultades de uso dos espazos públicos.	54
3.4. Seguridade	54
3.5. Espazos e servizos públicos	56
Eivas dos espazos públicos	56
Percepción de segregación no acceso aos espazos públicos.	57
Eivas nos servizos e actividades levadas ao cabo pola administración municipal.	58
Servizos e espazos positivos na convivencia.	59
3.6. Sentimento de inseguridade, o medo	59
3.7. Demandas	60
Infraestruturas	60
Locais servizos e actividades	61
3.8. Mapa	62
3.9. A destacar	65

4. Informe cualitativo: entrevistas	67
4.1. Deseño	67
Guión.	67
Mostra realizada	67
4.2. Descrición e valoración da vida en Ourense	68
Convivencia veciñal.	68
Espazos masculinos/femininos	68
4.3. Mobilidade e accesibilidade	70
Servizo de taxi.	70
Servizo de autobús urbano.	71
Transporte privado	71
Mobilidade en bicicleta.	72
A mobilidade a pé.	73
4.4. (In)Seguridade: espazos públicos, servizos lecer e violencia	74
Lugares restrinxidos	74
Experiencias persoais de violencia	75
Coñecemento de agresións a mulleres.	76
Percepción sobre obter axuda da veciñanza nunha situación de agresión.	77
Lugares de reunión e lecer	77
4.5. Valoración dos espazos e servizos públicos	78
Demandas de mellora en canto a coidado e limpeza dos espazos públicos.	78
Valoración das instalacións dos servizos públicos	79
Demandas no tocante ás actividades de conciliación familiar	79
Interlocución co Concello.	80
Accesibilidade dixital.	81
Educación para a convivencia.	82
Medidas protectoras para as mulleres	83
4.6. A destacar	83
5. Necesidades detectadas	85
Convivencia.	85
Espazos públicos	85
Uso dos espazos	86
Infraestruturas, dotación e servizos	86
6. Factores de percepción do risco	87

7. Recomendacións	89
Referencias	91
Anexos	93
Anexo I. Cuestionario a asociacións	95
Anexo II. Guión dos grupos de discusión	101
Anexo III. Guión das entrevistas	104
Anexo IV. Noticias en prensa (primeiro trimestre de 2019)	105

Agradecementos a cada unha das persoas
que participaron neste traballo

1. Presentación

1.1. Introducción

Os plans estratéxicos e urbanísticos das cidades, en termos xerais, non posúen unha xestión que posibilite un acceso igualitario ao espazo público de mulleres e homes. A inclusión da perspectiva de xénero na planificación territorial vén a reflectir esta eiva, en consonancia co que a partir da década dos noventa se veu a recomendar desde os Organismos Internacionais, fundamentalmente, o Programa das Nacións Unidas para os Asentamentos Humanos (NU, 2017), a Nova Axenda Urbana (ONU-Hábitat, 2013) e, no ámbito europeo, a A Carta Europea das Mulleres nas cidades (1996). Isto significa repensar e comprender a cidade, así como o seu impacto na vida cotiá das persoas, desde unha posición inclusiva onde se teña en conta a diversidade real que caracteriza os espazos urbanos, facendo posible o dereito a desfrutar e habitar a cidade como un espazo colectivo que pertence a todas as persoas.

Reflexionar sobre o urbanismo coa perspectiva de xénero lévanos a constatar as desigualdades existentes nunha cidade, cunha brecha do produtivo e o privado que poida problematizar os modelos de mobilidade, a segregación dos espazos, a sectorización dos coidados, o reparto dos tempos, o uso dos recursos públicos, da enerxía, etc, e con iso, empezar un camiño que nos conduza cara ao que sería unha verdadeira sostibilidade da vida.

Este traballo responde de maneira indiciaria a pór en marcha este debate na cidade de Ourense.

O termo habitar refírese á residencia habitual de alguén, ao lugar onde unha persoa vive. Sendo o núcleo urbano un espazo concentrado onde a poboación se asenta entre un conxunto de edificios e rúas que se aglutinan máis ou menos de forma organizada nunha zona, habitar tamén vén a significar poder desenvolver as diferentes esferas da vida en igualdade de oportunidades. E aí entra na ecuación a forma de facelo. Como? A cidade, na actualidade, é unha expresión simbólica do exercicio dos dereitos civís (non en van, *ciudadán* e *ciudadá* e/ou *ciudadanía* posúen a mesma etimoloxía). O uso e o desfrute dos espazos públicos en igualdade de condicións é determinante na construción de cidades democráticas e participativas. Na cidade as persoas interactúan e relaciónanse, constrúen vínculos e identidades, créase comunidade. É un espazo social e político, de representación e de recoñecemento (propio e das demais persoas), de (in)visibilización e de integración. A forma en como se articula a convivencia nunha cidade fálanos da vertebración do suxeito político e do papel que xogan as mulleres nesa construción.

Este diagnóstico, encargado pola Concellaría de Igualdade do Concello de Ourense, naceu vencellado á preocupación inicial pola inseguridade nos espazos públicos por parte das mulleres, querendo identificar aqueles lugares onde a percepción do medo

fora fundamentado por sucesos constatados de violencia. Obviando que as principais vítimas e vitimarios da violencia física son os propios homes entre si, e que a maior parte da violencia física e/ou sexual contra as mulleres se produce no ámbito privado, que clase de empoderamento estaríamos a artellar coa autoexclusión feminina de determinados espazos públicos?; de que xeito a percepción do medo afecta ao uso e desfrute da cidade por parte das mulleres? e, sobre todo, cal sería a contribución idónea por parte da política pública local para potenciar a participación activa de homes e mulleres no espazo urbano? A través da realización dunha enquisa ás entidades asociativas e veciñais de Ourense e das entrevistas e grupos de discusión a mulleres residentes na cidade tentouse ofrecer resposta a estas preguntas e apuntar liñas futuras de actuación.

1.2. Obxectivos

Obxectivo xeral: Coñecer e analizar o hábitat da cidade de Ourense ofrecendo un diagnóstico sobre a convivencia igualitaria no uso do espazo público.

Obxectivos operativos e/ou específicos:

- Detectar as necesidades da poboación feminina respecto ao uso do espazo público na cidade de Ourense.
- Determinar a existencia da inseguridade cidadá e elaborar ferramentas de prevención para que o uso dos espazos non sexan limitativos.
- Analizar os factores que contribúen á percepción do medo por parte das mulleres, así como as principais demandas de seguridade.
- Establecer recomendacións dirixidas a potenciar a autonomía e o empoderamento das mulleres mediante a busca do equilibrio entre a seguridade e a liberdade.

1.3. Contextualización da convivencia en Ourense

A cidade de Ourense é o terceiro municipio galego por poboación, despois de Vigo e A Coruña, e o máis poboado do interior da nosa comunidade autónoma. A economía do municipio basease principalmente no sector servizos e o río Miño atravesase case toda a súa zona urbana. A súa área de influencia acumula unha gran parte do peso provincial en materia de poboación, industria e unha importante atracción comercial (IGE, 2017).

Índices

A poboación feminina da cidade supón o 55 % da súa totalidade. Esta porcentaxe aumenta cando a proporción analizada é a de mulleres nadas no estranxeiro (un 57 % respecto do total desta variable), constituíndo un 12 % da poboación empadroada no municipio.

Táboa 1.1. Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro, 2018

MUNICIPIO DE OURENSE	HOMES	MULLERES	TOTAL
Total poboación	47.962	57.543	105.505
Total persoas nadas no estranxeiro	5.281	6.908	12.189

Fonte: INE (2018) e IGE (2018)

Na provincia de Ourense é onde se concentra a maior incidencia de fogares en Galicia con persoas con algún tipo de dependencia: un total de 16.804 persoas (cunha incidencia do 5,49 % respecto do total da poboación). As persoas con dependencia na área municipal de Ourense (IGE, 2017) é de 6.109 (cun 4,38 % de incidencia con respecto á poboación existente na mesma área).

A pesar de formar parte dun país considerado entre os máis seguros do mundo (España ocupa o posto número 30, segundo o Índice de Paz Global; Global Peace Index, 2018), nunha enquisa realizada en Galicia (IGE, 2014), un 36,39 % das mulleres manifestaba sentirse “un pouco inseguras” e “moi inseguras” camiñando soas de noite pola zona na que viven¹ (fronte a un 17,36 % dos homes nos mesmos ítems).

Tendo en conta estes datos, quizais sexa necesario analizar de que xeito a percepción do medo afecta ao uso e disfrute do espazo público por parte das mulleres, especialmente de noite. Sen dúbida esa sensación de inseguridade pode diminuír mellorando o contorno, pero as principais barreiras poden ser invisibles e non precisamente materiais, tal e como os factores socioculturais vinculados ao xénero definen desde a infancia aqueles lugares e tempos en que as mulleres poden facer uso dos espazos e tamén da cidade.

Respecto á Violencia de xénero, a Macroenquisa acláranos que do total das mulleres de 16 ou máis anos residentes en España, o 24,2 % sufriron violencia física e/ou sexual ao longo das súas vidas por parte de parellas, exparellas ou terceiros (un 12,5 % corresponde unicamente ás súas parellas ou exparellas). Os motivos principais polos que unha muller decide non acudir a ningún servizo a solicitar axuda (o 50,03 %) pasan polas seguintes acepcións: pensou que podía resolver soa a situación, nunca se lle ocorreu facelo, e tamén, considerou que non era o suficientemente grave. Estas porcentaxes aumentan considerablemente cando se trata de mulleres estranxeiras e mulleres con discapacidade.

¹ O dato fai referencia á poboación de 16 ou máis anos desagregada por sexo.

Táboa 1.2 Indicadores de seguridade por xeografía, tipoloxía penal e período. Unidades: Feitos coñecidos

OURENSE	2017		2018		VARIACIÓN % 2018/17	
	PROVINCIA	CIDADE	PROVINCIA	CIDADE	PROVINCIA	CIDADE
Homicidios dolosos e asasinatos consumados	2	0	2	1	0,0	100,0
Homicidios dolosos e asasinatos en grao tentativa	2	2	6	3	200,0	50,0
Delitos graves e menos graves de lesións e riña tumultuaria	78	34	97	53	24,4	55,9
Secuestro	1	1	0	0	-100,0	-100,0
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	46	23	72	34	56,5	47,8
– Agresión sexual con penetración	5	3	7	4	40,0	33,3
– Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	41	20	65	30	58,5	50,0
Roubos con violencia e intimidación	106	75	94	63	-11,3	-16,0
Roubos con forza en domicilios, establecementos e outras instalacións	526	159	508	161	-3,4	1,3
– Roubos con forza en domicilios	367	101	348	111	-5,2	9,9
Furtos	1.905	1.201	1.649	1.055	-13,4	-12,2
Subtraccións de vehículos	82	44	58	39	-29,3	-11,4
Tráfico de drogas	40	25	44	24	10,0	-4,0
Resto de infraccións penais	4.434	1.842	5.200	2.402	17,3	30,4
TOTAL INFRACCIÓNS PENAIS	7.222	3.406	7.730	3.835	7,0	12,6

Fonte: Ministerio de Interior (2018)

Tendo en conta estes datos, resulta relevante analizar os feitos coñecidos polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, onde se aprecia que a única variación significativa sobre os tipos penais rexistrados é o aumento dos delitos contra a liberdade e indemnidade sexual (un 47,8 % máis no ano 2018 respecto do anterior na cidade de Ourense).

Táboa 1.3 Número de denuncias por Violencia de Xénero. Partido xudicial de Ourense (2018)

TRIMESTRE	N.
1	111
2	137
3	154
4	164
TOTAL	566

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial (2019)

Porén, tampouco podemos esquecer que, segundo datos proporcionados polo Ministerio de Interior (2019), na provincia de Ourense houbo 3.195 vítimas de violencia de xénero en 2018, sendo no ámbito e no espazo privados onde as mulleres sofren maior violencia.

Medios de comunicación

Un aspecto fundamental que contribúe a reflectir a situación de seguridade na cidade son os sucesos relativos á inseguridade cidadá. Neste sentido, os medios de comunicación son unha ferramenta básica de información que tamén constrúen un determinado tipo de imaxinario sobre a seguridade a través do tipo de novas escollidas e do tratamento que fan destas. Dos medios de comunicación locais, cabe destacar a grande presenza e distribución que ten o xornal diario *La Región*. Tendo en conta que non nos imos ocupar da representación nos medios da seguridade na cidade dunha forma exclusiva (non é o obxecto deste diagnóstico), tomaremos o diario nomeado como referente para achegarnos e ilustrar durante o primeiro trimestre de 2019 cales son os temas e o tipo de sucesos de maior presenza e recorrencia (véxase ANEXO III, con nota metodolóxica). Aquí só se pretende ofrecer unha foto xeral sobre o tipo de sucesos máis presentes. Non se procederá a unha análise de frecuencias e incidencia, xa que o *corpus* manexado e moi acoutado.

Táboa 1.4. Frecuencia de etiquetas nos sucesos en La Región

ETIQUETA	FRECUENCIA (N.)	ETIQUETA	FRECUENCIA (N.)
Tráfico (accidente)	14	Drogas (tráfico)	2
Ruído	7	Estafa/timo	1
Degradación	6	Exhibicionismo	1
Disturbios	4	Espazos en feminino	1
Roubo con agresión (ou intimidación)	5	Botellón	1
Roubo	3	Policía	1
Tráfico	3	Local veciñal	1
Agresión	2	Tráfico (atropelo)	1
Agresión sexual	2	Vandalismo	1

No período sinalado rexístranse un total de 57 novas. Da súa análise cabe destacar o baixo nivel de sucesos relevantes en calquera dos eidos, o que coincide cos datos referidos a delitos do concello.

Tamén é salientable o tipo de etiquetas máis significativas. Como se pode observar, os accidentes de tráfico constitúen os sucesos de maior recorrencia (frecuencia –n. 14), dos que a maior parte, segundo describen as 14 novas a este respecto (ver anexo IV) se producen por estar baixo os efectos das drogas. O seguinte aspecto, que conecta directamente coa convivencia, é o relativo ao ruído (n. 7), rexistrado maiormente na

zona vella derivado do lecer en bares e locais nocturnos. Séguelle o relativo a procesos de degradación da cidade por falta de mantemento, abandono de vivendas (de novo na zona vella) e falta de limpeza. Roubos con agresión (ou intimidación) e roubos (n. 5 e 3) suman un total de 8 casos, co que adquiren máis relevancia, situándose no segundo lugar por recorrencia por riba do ruído. O resto de categorías ofrecen valores moi dispersos. Os casos das agresións sexuais (n. 2) e de exhibicionismo (n. 1), que nos levan á categoría de violencia sexual contra mulleres e menores, con ser importantes, non teñen especial relevancia na prensa.

Destacamos que estes datos só reflicten como son considerados os sucesos a través da prensa local, como un exemplo de medio de comunicación de difusión na cidade nun período limitado, que en ningún caso se corresponden coa incidencia real pero que si destaca aquelas cuestións consideradas sucesos e sobre as que se crea interese por parte do público.

1.4. Metodoloxía

Empregouse neste estudo diagnóstico unha metodoloxía mixta, baseada no uso de técnicas cuantitativas (enquisa) e cualitativas (grupos de discusión e entrevistas semi-dirixidas). A súa elaboración estivo orientada nas seguintes claves:

Primeira técnica: enquisas

A enquisa mediante cuestionario realizouse coas entidades asociativas.

Ámbito xeográfico: Municipio de Ourense.

Poboación diana: Mulleres pertencentes ao tecido asociativo do Concello de Ourense, especialmente ao das asociacións de mulleres.

A mostra estimada inicialmente foi de 100 cuestionarios (mostra realizada: 55 entidades).

Táboa 1.5 Perfil da mostra asociativa (muller)

ASOCIACIÓNS: REPRESENTANTES E/OU PERSOA DE REFERENCIA (PREFERENTEMENTE, MULLER)	
Veciñal	Xuvenil
Saúde	Cultural
(Diversidade funcional)	Deportiva
Social	Nais e Pais
Maiores	Menores

Así mesmo, estableceuse un criterio de ponderación do número de rexistros similares por tipo de entidade asociativa e por zona de localización na cidade. Para acadar os obxectivos propostos elaborouse unha base de datos da mostra para cada especialidade, realizando unha sondaxe telefónica baseada na procura de mulleres referentes e de contactos de representantes das entidades asociativas. Unha vez coñecidos os

contactos persoais, rexistráronse e, con posterioridade, estableceuse unha comunicación con eles para informar sobre a natureza do estudo e a posibilidade de achegar a información requirida por dúas vías, en función da súa dispoñibilidade: *online* e/ou telefónica.

Segunda técnica: o grupo de discusión

Táboa 1.6. Perfil das participantes dos grupos de discusión

GRUPO	CRITERIOS DA SELECCIÓN DA MOSTRA
1. GRUPO DE MULLERES	Variables de cruce* inmigrantes (1-2), diversidade funcional (1-2) / estudantes (1-2) , traballadoras activas (cualificadas / non cualificadas (1-2).
2. GRUPO DE MULLERES	Variables de cruce* xubiladas (1-2), muller con fillas/os (1-2), muller con persoa dependente a cargo (1-2), muller sen fillas/os nin dependentes (1-2).

O grupo de discusión, como técnica, traballa a un nivel comunicacional-discursivo grupal, establecendo a través da linguaxe un texto interpretativo colectivizado que reproduce desde a individualidade a construción dun discurso esencialmente social. Esta característica fai alusión ao que se podería denominar unha ideoloxía conversacional, o que a converte en especialmente útil para identificar as cosmovisións sobre os temas a tratar.

Terceira técnica: a entrevista

Táboa 1.7. Características da entrevista non estruturada

ENTREVISTA
Pretende comprender máis que explicar, busca maximizar o significado; adopta o formato de estímulo/resposta sen esperar unha resposta obxectivamente verdadeira, senón subxectivamente sincera; obtén con frecuencia respostas emocionais, pasando polo alto a racionalidade.
ENTREVISTADORA
Formula preguntas sen un esquema fixo de categorías de resposta; controla o ritmo da entrevista en función das respostas da persoa entrevistada; explica o obxectivo e a motivación do estudo; altera con frecuencia a orde e a forma das preguntas, engadindo algunhas novas se é preciso; permite interrupcións e intervencións de terceiros se é conveniente; se é requirido, non oculta os seus sentimentos nin xuízos de valor; explica canto faga falta do sentido das preguntas; con frecuencia improvisa o contido e a forma das preguntas; establece unha relación equilibrada entre familiaridade e profesionalidade; adopta o estilo de oínte interesada pero non avalía as respostas.

Táboa 1.7. Características da entrevista non estruturada

ENTREVISTADA
Cada persoa entrevistada recibe o seu propio conxunto de preguntas (neste caso do guión semidirixido confeccionado); a orde e o formato pode diferir dunha a outra.
RESPOSTAS
Son abertas por definición, sen categorías preestablecidas; gravadas conforme a un sistema de codificación flexible e aberto a cambios en todo momento.

As seis entrevistas en profundidade a mulleres tiveron un carácter holístico e non directivo. A entrevista en profundidade refírese a un tipo de formulación no que se tenta evitar un procedemento orientado a un punto diana, que é co que se opera na entrevista enfocada, percorrendo panoramicamente o mundo de significados da entrevistada, aínda que este se refira a un só tema. O termo “non directivo” describe outra práctica: desenvolver a fluidez conversacional da entrevistada sen que implique rixidez en canto ao contido, nin en canto á forma de desenvolver a conversación-entrevista.

Isto non exclúe o control e dirección da persoa que entrevista (que debe xogar un papel catalizador) e para iso partirá dun guión preestablecido que orientará a súa actuación (guión semidirixido onde se esclarecerán os bloques temáticos xerais que se tratarán no encontro —véxase en anexos—). Priorizouse a gravación da conversación-entrevista e a súa posterior transcripción, aínda que se considerou a posibilidade de complementala tomando anotacións, unha vez rematado o encontro, para garantir a súa reprodución con fidelidade.

Táboa 1.8 Perfil da mostra das entrevistas: Mulleres que habitan no municipio de Ourense

NÚMERO ESTIMADO: 6 PARTICIPANTES	
Variables de cruce ²	Inmigrantes (1-2)
	Muller con persoa dependente a cargo (1-2)
	Muller con fillas/os menores a cargo (1-2)
	Muller xubilada (1-2)
	Muller sen fillas/os a cargo (1-2)

² Os cruces indican a posibilidade de que se inteseccionaran varias variables na mesma persoa (a ter en conta para a selección final).

Realización do traballo de campo

Táboa 1.9. Fitos do traballo de campo

ACCIÓN	DATAS
Envío e realización do cuestionario ás entidades: elaboración da base de datos	Do 12/04 ao 31/05/2019
Realización das entrevistas	Do 29/04 ao 15/05
Realización dos grupos de discusión	GD1: 30/04/2019 GD2: 27/05/2019
Transcricións e revisións	Do 08/05 ao 31/05/2019
Análise e elaboración do informe	Do 15/05 ao 14/06/2019

A realización do traballo de campo tivo lugar entre o 12 de abril e o 31 de maio de 2019.

1.5. Desenvolvemento do estudo

A colaboración do persoal técnico do Concello de Ourense —desde Participación Cidadá, Xuventude, Benestar Social, Saúde, Deporte e, sobre todo, Igualdade— foi de gran axuda para a realización do traballo de campo. O estudo tivo unha acollida moi positiva e a resposta por parte da cidadanía consultada foi activa e participativa, e grazas a esta implicación púidose contar con xente moi diversa. En calquera caso, existiron escollos que, aínda que solventados, supuxeron unha dificultade engadida na execución do traballo de campo:

- A coincidencia de varios períodos vacacionais durante a realización das técnicas, sobre todo cara á enquisa (Semana Santa, Día Internacional do Traballo, Día das Letras Galegas e un festivo local —22 de maio—). Tamén, as eleccións xerais (28 de abril) e, sobre todo, as municipais (26 de maio), que focalizaron a atención da veciñanza.
- A imposibilidade de poder acceder a unha listaxe estruturada e actualizada dos contactos das entidades locais foi outra dificultade engadida na realización da enquisa; de aí a mingua da mostra acadada na súa execución, se ben debemos salientar que grazas á implicación de moitas das persoas representantes das asociacións, e derivado do feito de que moitos destes contactos son de carácter público, ao final púidose ir resolvendo. Así, priorizouse a busca de informantes tendo en conta a representatividade da zona da cidade na que se localizaba a entidade e, xunto a iso, obter tamén opinións desde distintos ámbitos (cultural, social e de saúde).

2. Informe cuantitativo

2.1. Deseño

Cuestionario

O deseño do cuestionario a asociacións concibiuse de acordo aos seguintes bloques temáticos:

- Datos demográficos e localización da entidade.
- Convivencia no concello.
- Desigualdade de xénero.
- Inseguridade.
- Infraestruturas, dotacións e servizos no concello.
- Papel do Concello na convivencia.

No cuestionario combináronse preguntas abertas con outras pechas e escalas de valoración en diferentes preguntas combinadas. Os bloques temáticos que se pasan a abordar responden a diferentes ítems do cuestionario³ (véxase ANEXO I). É necesario destacar que os bloques e as diferentes preguntas non se poden entender como pezas autónomas unhas das outras; por exemplo, aspectos de infraestruturas están relacionados directamente coa percepción da inseguridade. Velaí que entre todas elas e de forma interconectada é como se ofrece unha imaxe conxunta.

Mostra realizada

Na mostra recompiláronse as opinións dun total de 55 asociacións representativas de diferentes sectores e zonas da cidade. É unha mostra cunha alta presenza de mulleres de 22 barrios e parroquias do concello.

³ A correspondencia entre bloques temáticos e preguntas no cuestionario é a seguinte: (i) Datos demográficos e localización da entidade —1, 2, 3—. (ii) Convivencia no concello —4, 11, 20, 22—. (iii) Desigualdade de xénero —5, 6, 23—. (iv) Inseguridade —12, 13, 14, 15, 16c, 17, 18—. (v) Infraestruturas, dotacións e servizos no concello —7, 8, 9, 10, 16a-b, 19 24—. (vi) Papel do Concello na convivencia —16d, 21—.

2.2. Datos demográficos e localización da entidade

Sexo

Do total das entidades, un 85,45 % corresponde a mulleres (n. 47) e un 14,55 % a homes (n. 8), co que se destaca un peso feminino da mostra, cumprindo o obxectivo metodolóxico fixado de cara a centrar o estudo na detección das necesidades de uso, convivencia e seguridade no espazo público da poboación feminina. Debido ao exposto, soamente se presentan as táboas de resultados desagregadas por sexo cando a información diferenciada sexa relevante de cara a dar resposta aos obxectivos propostos no estudo.

Táboa 2.1. Sexo

	FRECUENCIA (N.)	PORCENTAXE (%)
Mulleres	47	85,45
Homes	8	14,55
TOTAL	55	100,00

Idade

Os grupos de idade indican unha maior presenza de repostas correspondentes ao rango de idades entre 35 e 49 anos (40 %, n. 22), seguido polo grupo de 50 a 64 (27,27 %, n. 15), o que se axusta dun xeito aproximado á composición demográfica do concello. Dado o escaso peso da presenza de homes no estudo, os valores de diferenzas de idade na variable sexo non son significativos. Non houbo ningunha persoa participante menor de 18 anos.

Táboa 2.2. Grupos de idade

	N.			%		
	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
menos de 18 anos	0	0	0	0,0	0,0	0,00
18 a 34	9	1	10	16,4	1,8	18,18
35 a 49	20	2	22	36,4	3,6	40,00
50 a 64	12	3	15	21,8	5,5	27,27
65 e máis	6	2	8	10,9	3,6	14,55
TOTAL	47	8	55	85,5	14,5	100,00

Parroquia/Barrio de localización da entidade

A lista de parroquias e barrios do concello inclúe 36 entidades; delas están representadas no estudo de diferente forma 22 (un 61,11 % do total). As zonas Centro (n. 8), A Carballeira e Mariñamansa (ambas as dúas n. 6) concentran un maior número de respostas. O resto dos valores está moi repartido, co que non é posible falar dunha representatividade que nos permita ter unha imaxe detallada de cada parroquia e barrio.

Táboa 2.3. Barrios/Parroquias

	N.		N.		N.
A Carballeira	6	Cudeiro	0	Reza	0
A Ponte	3	Loña	1	San Francisco	3
Arrabaldo	1	Mariñamansa	6	San Rosendo	1
As Caldas	0	Montealegre	1	Santa Mariña do Monte	1
As Lagoas	2	O Castro de Beiro	0	Seixalbo	1
Barrocás	1	O Couto	2	Tras do Hospital	0
Beiro	1	O Polvorín	2	Untes	0
Cabeza de Vaca	0	O Posío	3	Velle	3
Canedo	1	O Vinteún	2	Vilar de Astrés	0
Casco Vello	2	Palmés	1	Vista Fermosa	0
Ceboliño	0	Rairo	1	Universidade	0
Centro	8	Residencia	2		

Dispoñemos dun abano significativo de zonas para poder ter unha visión de diferentes partes do concello, tanto en áreas urbanas, como interurbanas e rurais. Isto vai permitir poder definir de forma xeral aspectos en común sobre a convivencia e a inseguridade, pero non establecer un diagnóstico focalizado (faceta que se tratará no apartado 6).

2.3. Convivencia no concello

Os aspectos relativos á convivencia no concello abordáronse a través de cuestións que abranguen tres aspectos fundamentais: a percepción do clima de convivencia no concello, os temas de convivencia que máis preocupan e a dispoñibilidade de espazos públicos que a promovan. Se ben estas son as cuestións formuladas de forma explícita, nos seguintes apartados poderemos ver en que sentido é entendida a convivencia


con respecto á inseguridade, ás infraestruturas, dotacións e servizos, e o papel que xoga o Concello como axente primordial nela.

Para todas as táboas con escalas calculouse un índice que indica o peso ponderado das respostas sobre unha puntuación de 10, que correspondería ao valor máis alto (moi ben ou equivalente), e 0 ao máis baixo (p. ex. moi mal); o corte –o aprobado– está no 5. Este índice é un indicador do conxunto dos resultados que permite obter unha idea inmediata e xeral, pero que non substitúe nin aos valores desagregados nin á análise centrada nos distintos pesos e diferenzas. É unicamente indicativo dunha tendencia.

Valoración do clima de convivencia no concello

Puntúase aquí a valoración do clima de convivencias nunha escala que vai desde *moi mal* a *moi ben*. Os resultados indican unha clara concentración na franxa de *ben* (61,81 %, n. 34) e *regular* (27,27 %, n. 15), con valores non significativos no resto, o que dá unha percepción non negativa pero con posibilidades de mellora. En termos xerais, a opinión dos homes é máis positiva ca das mulleres, que se amosan máis críticas.

Gráfica 2.1. Valoración da convivencia



O que máis preocupa á cidadanía na convivencia


Neste apartado, as persoas enquisadas tiñan a posibilidade de indicar ata tres cuestións que lles preocupasen especialmente con respecto á convivencia. Tratouse así de obter un corpus de certa homoxeneidade, acoutado a cada participante, pero coa posibilidade de abrirse a calquera cuestión. As posibles respostas non estaban predefinidas, co que o abano de resultados foi moi amplo, desde a falta de limpeza ata o comportamento nos Plenos do Concello, pasando polo racismo ou o uso de patinetes eléctricos; todas as que se entende que afectan, en fin, á convivencia.

En base ao dito, formáronse varias categorías coas diferentes respostas emitidas (dun total de 165 posibles). En moitos casos non se chegaron a dar as tres respostas, co que se asume que corresponden á entrada *Non sabe/Non contesta* (n.20), e contamos tamén con respostas que suman valores individuais e que non son agrupables (adolescencia, aumento de persoas estranxeiras, aleitamento, relación coas administracións, aparcamento e acceso a internet).

Se ben hai un maior peso relativo de temas recorrentes, existen outros que están directamente relacionados con eles. Cómpre non esquecer que, en xeral, hai unha detección de problemas concretos que inciden directamente na percepción destes,

como poden ser o da iluminación (relacionado directamente coa de inseguridade cidadá), a soidade das persoas maiores (con desigualdades sociais), ou a accesibilidade. No resto dos casos prodúcese unha gran dispersión de valores. Vexámoslos:

Gráfica 2.2. Preocupacións da cidadanía



- NS/NC (n. 20): As respostas *non sabe/non contesta* ocupan a primeira posición en recorrencia. Aínda que respecto ao total só supoñen un 12,12 %, non deixa de ser relevante a falta de demandas específicas en moitas das enquisas, o que denota unha ausencia de preocupacións concretas en relación coa convivencia, pero que tampouco implica que rexeiten intervencións neste sentido.
- Inseguridade cidadá (n.18): A inseguridade cidadá enténdese desde un concepto amplo, xa ben de forma xenérica (pelexas na rúa ou roubos a maiores), ou cando se propoñen medidas concretas para xerar un clima de convivencia (maior presenza da policía local a pé ou de bombeiros). Se ben é certo que todas son de diferentes entidades, existe unha certa preocupación polas limitacións percibidas no uso, chamémoslle *despreocupado*, do espazo público. Dado que isto responde a unha percepción subxectiva (que contrasta cos datos de delincuencia na cidade), convén non desdeñar o seu impacto na percepción do dito espazo público. Aquí podemos engadir, pola súa vinculación, pero que

apunta a problemáticas máis concretas, as agresións sexuais e a violencia de xénero (n. 3), a falta de iluminación (n. 3) e a inseguridade nocturna nas mulleres (n. 2). No caso do botellón (n.4), temos elementos que ademais o poden situar a cabalo doutras categorías, como o ruído ou a limpeza; se ben non ten unha alta puntuación, si que pode incidir nesas outras categorías máis relevantes. O tráfico de drogas (n. 3), se ben non aparece como un problema grave de inseguridade cidadá, tamén cabería consideralo nesta categoría como un factor de percepción da inseguridade.

- **Limpeza (n. 15):** Aquí temos un aspecto que si está formulado dun xeito claro e recorrente, tanto no tocante á recollida de lixo e falta de limpeza, na maior parte das respostas, como ás pintadas (n. 1) ou á non recollida de excrementos de cans (n. 1), que se suman á dita percepción. As posibilidades dun goce dos espazos públicos ten que ver directamente cunha cuestión de hixiene pública, pero tamén co seu valor estético, o que conecta coas demandas dun maior mantemento (n. 3), que ten unha vertente estética e outra, como veremos de seguido, de accesibilidade, sendo esta unha categoría transversal.
- **Seguridade viaria (n. 14):** Os problemas que se detectan na vía pública teñen que ver con aspectos xerais do tráfico rodado (en concreto, a falta de respecto ás normas de circulación por parte de condutores/as —tamén de patíns eléctricos—), e con limitacións á mobilidade a pé provocada polas terrazas dos bares, o mal estado das beirarrúas ou o camiño de escolares aos centros educativos. Isto lévanos de volta á demanda de mantemento das vías e dos espazos públicos. Atopámonos aquí de novo cunha categoría transversal que, ao igual que a accesibilidade e as barreiras arquitectónicas, teñen moito que ver coas infraestruturas urbanas, o respecto ás normas de circulación e as posibilidades de vivir nunha cidade integradora e amable con toda a poboación.
- **Espazos de lecer (n. 11):** O tipo de demandas son de diferente índole, pero todas relativas á dotación de espazos públicos abertos. A demanda é real, ben como espazos de xogo para a rapazada, como espazos comúns de convivencia, como espazos específicos para persoas maiores ou como zonas de deportes ou áreas verdes. Unha intervención adecuada nos espazos deberá de responder a un proceso de consulta amplo e consensuado. Unha demanda concreta da cidadanía de lugares de convivencia debería ser considerada prioritaria fronte a outro tipo de infraestruturas ou intervencións urbanísticas.
- **Ruído (n. 10):** As queixas polo ruído relaciónanse coa hostalería en horario nocturno, especialmente no Centro histórico, no que tamén semella ter un gran impacto a apertura de terrazas nos locais. A importancia do descanso nocturno é destacada unha vez máis, o que leva consigo unha demanda clara neste sentido fronte ás políticas municipais na materia, que transcende o ámbito das infraestruturas, dotacións ou servizos. Non sabemos se o botellón é percibido, ante todo, coma un problema de ruído, de limpeza, de uso de drogas ou de falta de civismo.
- **Respecto e civismo (n. 9):** Baixo este epígrafe non é posible identificar aspectos concretos aos que fai referencia, pero si indican unha preocupación polo clima de convivencia na cidade e pola importancia ao bo entendemento entre todas

as partes, baixo o que se sobreentende como un sistema de valores da vida en común.

- Desigualdades e vulnerabilidade (n. 8): A semellanza do punto anterior, atopámonos cunha categoría definida en termos amplos, pero na que se indican tamén cuestións concretas asociadas (acceso ao emprego, aos servizos, marxinalidade...). Máis alá dos aspectos concretos, hai unha preocupación polo impacto das desigualdades de tipo económico e social na vida do concello, que supón entender a cidade coma un espazo aberto a todo o mundo e que dea resposta ás demandas básicas para unha vida digna. Cabe destacar aquí a preocupación pola situación de soidade en que se atopan moitas persoas maiores (n.3), que se ben non corresponde a desigualdades de tipo económico nin social si leva consigo problemas ineludibles de vulnerabilidade social e persoal.
- Racismo e integración (n. 8): Directamente ligado ao anterior, o peso da poboación migrante e as súas demandas e necesidades xustifican un tratamento á parte. As denuncias de intolerancia, racismo e falta de iniciativas de integración desvelan (xunto co da poboación maior) a un dos colectivos aos que hai que prestar unha atención especial, dado o tipo de factores asociados (educativos, de acceso á vivenda, de comunicación coa administración...) e dun elemento determinante como é o peso das mulleres como axente de integración fundamental, á vez cun maior risco de vulnerabilidade económica (ao igual que o colectivo das persoas maiores).
- Transporte urbano, oferta cultural e educativa, e política municipal: Non son especialmente relevantes como problemas percibidos de convivencia (cada un con n. 5), se ben posteriormente se procederá a valorar a súa relevancia no terreo da convivencia coma demandas concretas (véxase apartados 6 e 7). As dotacións en saúde (n. 2) son marxinais neste contexto, aínda que cando se definan as melloras nos servizos si vai ocupar unha posición relevante.


Espazos e posibilidades para a convivencia

Inquiríase aquí, en dúas cuestións diferentes, sobre a consideración da existencia de suficientes espazos e posibilidades para a convivencia e sobre a importancia outorgada a este aspecto.

Os resultados cómpren para complementar as respostas anteriores, nas que se ben non había uns valores moi fortes en ningunha das categorías, neste caso a valoración deste ítem non é positiva, demandándose implicitamente unha serie de melloras.


Os valores extremos (*ningún* e *moitos*) non obtiveron ningunha resposta. O 61,8 % puntúa na segunda posición máis baixa (*algún*, n. 34), e só un 9,1 % posiciónase de xeito claramente positivo —*bastantes* (n. 5)—, pero non no valor máis alto e non no grupo dos homes.

Gráfica 2.3. Suficientes espazos e posibilidades para a convivencia



Con respecto á importancia que se lle dá a unha maior oferta de espazos e posibilidades para a convivencia, apréciase unha pauta común, xa se trate daqueles orientados a homes, a mulleres ou a rapazada. A variable sexo non presenta diferenzas significativas. En termos xerais, outórgaselle un alto grao de importancia para os tres colectivos, entre *media* a *moita*, se ben con diferenzas: para os homes e as mulleres os valores están entre *media* e *bastante*, mais para a rapazada o peso desprázase a *bastante* e *moita*. No caso dos datos referidos aos homes (de acordo á opinións de mulleres e homes en todos os casos), un 40 % (n.22) pensa que ten unha importancia *media*, e o 34,55 % *bastante* e *moita* (n. 15 e 4). No caso das mulleres os valores son aínda máis marcados, gañando máis relevancia no valor *media* (29,1 %, n. 16), e no segmento máis alto (52,73 %, *bastante* n. 20 e *moita* n. 9). No caso da rapazada hai un desprazamento significativo cara a *bastante* e *moita* (n. 10 e 26), agrupando en conxunto o 65,45 % das respostas, acompañado dunha consideración *media* do 16,36 % (n. 9). Cabe destacar, polo tanto, a relevancia deste ítem en todos os colectivos.

Gráfica 2.4. Importancia de máis espazos e posibilidades para...



2.4. Desigualdade de xénero


Os aspectos relativos á desigualdade de xénero abordáronse directamente a través de tres cuestións: se a cidade satisface de forma igualitaria as necesidades de mulleres e homes; a identificación de espazos predominantemente femininos ou masculinos; e a relevancia da presenza simbólica de mulleres no espazo público.

Cidade igualitaria coas necesidades

A percepción sobre como a cidade satisfai as necesidades tanto das mulleres como dos homes é un indicador básico sobre a percepción subxectiva do espazo. De acordo ás respostas emitidas, hai unha maior concentración destas no valor medio (*igualmente de mulleres e de homes*, en torno ao 63,63 %, n. 35), aínda que tamén se aprecia, en segundo

lugar, unha maior vantaxe para os homes (32,73 %, n. 18), interesante percepción compartida por ambos os dous sexos que non debe ser desdeñada, e que nos pon xa sobre a pista de aspectos que han de ser mellorados, como veremos nos seguintes apartados.

Gráfica 2.5. Cidade igualitaria coas necesidades




Espazos femininos ou masculinos

Diante da pregunta sobre cales son os tres espazos de uso predominantemente masculino ou feminino, as respostas posibles foron múltiples (n. 330s) e agrupáronse posteriormente en diferentes categorías (así, por exemplo, *instalacións deportivas* inclúe campos de xogos —fútbol...—, ximnasiaos —privados, municipais—). Cabe indicar que as respostas non responden ao uso real do espazo, senón a como se entende que hai espazos en clave feminina e masculina, e ás diferenzas de percepción en función do xénero.

En primeiro lugar, as respostas das mulleres sobre a súa concepción dos espazos masculinos e femininos sobresaen, de entre todas as opcións que podían dar (n. 282), na entrada NS/NC (28,01 %, n. 79), de forma moi homoxénea ao observado entre os homes, o que denota certa neutralidade espacial, pero en ningún caso se pode falar de espazos igualitarios.

Gráfica 2.6. Espazos masculinos e femininos segundo as mulleres



Como observamos no resto dos valores, si hai unha atribución por xéneros, que na maioría dos casos é relevante. O segundo valor máis alto (19,5 %, n. 55) corresponde a *instalacións deportivas*, no que hai un maior peso absoluto da atribución aos homes; e neste caso, case unha cuarta parte (n. 10) corresponde a campos de fútbol, que non aparecen entre as instalacións deportivas atribuídas ás mulleres.

No caso dos *bares* hai un maior peso masculino, no que tamén se especifica nalgún caso a referencia a tabernas (para homes) e cafeterías (para as mulleres).


As *prazas e parques* corresponden a unha categoría común, dado que a estrutura urbana da cidade fai confluír baixo os diferentes nomes espazos colectivos, en sentido amplo, entendidos como espazos públicos abertos con elementos (coma bancos) que promoven a permanencia. Do total das respostas (n. 23), hai unha maior atribución aos homes na capacidade de ocupar estes espazos (nunha relación de 1,86 homes por cada muller), agás si sumamos os parques infantís (n. 20), que pasaríamos así ao segundo espazo en relevancia. Pero o que nos interesa aquí é esa autoatribución das mulleres, que se identifican nos parques de xogos con fillos e fillas, o que indica unha percepción espacial ancorada nos roles de muller/nai, sobre todo tendo en conta que se trata dunha relación de 1 a 9 entre homes e mulleres.

O cuarto bloque corresponde ás *instalacións culturais*, ao *comercio* e ás *asociacións*, que presentan valores parellos, tanto en peso específico como na atribución por xénero; en todas estas entradas o peso das mulleres é maior, agás no caso das asociacións. Nos ítems *praza de abastos*, *termas*, *instalacións educativas*, *entrada de colexios*, *estadio do Couto* e *polígonos*, podemos identificar, unha vez máis, unha segmentación espacial que reflicte a sexualización dos espazos.

Un resultado a destacar é o papel que xogan tanto as instalacións deportivas e os bares (en xeral), como os parques e prazas como espazos centrais na vida da cidade nas percepcións de ambos os dous sexos (e sempre tendo en conta as apreciacións indicadas).

Polo que respecta aos resultados dos homes, hai que tomarlos con máis precaución por mor da reducida mostra. Aquí eran posibles n. 48 respostas en total, a pesar do cal, presentan recorrencias destacables. En primeiro lugar, é salientable que os dous ítems máis salientables sexan comúns ás apreciacións das mulleres: *instalacións deportivas* (18,75 %, n. 9) e *bares* (10,42 %, n. 5), coa salvidade –importante– de que os *bares* aparecen coma espazos exclusivamente masculinos. Pola contra, o *Centro comercial Ponte Vella* é percibido coma propio das mulleres (n. 3), xunto co *comercio*, o *Centro da cidade*, a *Praza de abastos* e as *igrexas* (n.2, cada un), fronte aos *parques e prazas* e ao *Estadio do Couto* que se perciben como propiamente masculinos (n. 2 e 2). Aquí é arriscado ir moito máis alá na análise dos resultados, dado o limitado número de respostas, pero tampouco se pode obviar unha clara tendencia na percepción, sendo máis inclusiva a das mulleres e máis excluínente a dos homes.


Gráfica 2.7. Espazos masculinos e femininos segundo as mulleres



Relevancia da presenza simbólica de mulleres no espazo público

A inclusión das mulleres no espazo simbólico da cidade (como pode ser a través de nomes das rúas) conta cun gran apoio 67,27 % (n. 37, *bastante* e *moito*), no que os homes se posicionan dunha maneira máis repartida entre os dous polos da escala, pero cunha concentración no valor *medio* (n. 4). No caso das mulleres a actitude é máis clara cara á relevancia desa presenza, sumando *bastante* o 27,3 % (n. 15) das opinións e *moito* o 36,4 % (n. 20) do total. A demanda implícita é evidente e non se pode considerar irrelevante ou marxinal ese aspecto simbólico.

Gráfica 2.8. Relevancia de presenza simbólica de mulleres



Índice: 7,18


2.5. Inseguridade

A inseguridade trátase fundamentalmente sobre unha percepción subxectiva pero que condiciona todo o comportamento no espazo público, de aí a súa importancia e interese, e onde tamén hai máis posibilidades de intervención. Incluíronse unha serie de preguntas, non sucesivas, que pretendían obter esa imaxe sobre a seguridade cidadá, e de como se vive o espazo (lugares inseguros, momentos do día e situacións —factores de inseguridade—).

Ourense e a seguridade

A valoración da cidade como un lugar seguro ou non achega un dato central para este estudo, con diferenzas significativas segundo os xéneros. Non hai ningunha resposta na entrada *moi ben*; *ben* destaca por un alto valor (34,55 %, n. 19), que ten o seu contrapunto na valoración con máis peso, *regular* (41,82 %, n. 23), e a suma dos valores negativos —*moi mal* e *mal*— chega a unha posición relativamente alta (23,64 %, n. 13). O máis salientable é que son maioritariamente as mulleres as que comparten as opinións máis negativas, co que non se pode falar dunha percepción xeral positiva.

Gráfica 2.9. Valoración da seguridade cidadá



A vivencia do espazo

Atendendo á valoración da seguridade no municipio en diferentes lugares e momentos, os valores son complementarios aos anteriores. Establecéronse cinco categorías diferentes en función dos usos do espazo: parques e prazas, a zona Centro (O Paseo e a Zona Vella ata a Casa do Concello), rúas de paso (zonas de tránsito habitual no día a día), instalacións deportivas municipais (ao aire libre ou cubertas) e zonas de paseo (como as beiras do Miño ou do Barbaña, cun uso de tipo espaxamento ou de saúde).


Gráfica 2.10. Valoración da seguridade en parques e prazas



Gráfica 2.11. Valoración da seguridade en rúas de paso



Gráfica 2.12. Valoración da seguridade en zonas de paseo




Índice: 5,36

Con respecto a parques e prazas as opinións maioritarias sitúanse no epígrafe *regular* (45,45 %, n. 25), aínda que cómpre destacar que entre *ben* e *moi ben* acumúlase un elevado número de respostas (34,55 %, n. 19, en conxunto). Os valores negativos *mal* e *moi mal* (20 %, n. 7 e 4) non deixan de ser unha chamada de atención sobre uns valores medios cun biés negativo. Unha pauta semellante rexístrase con respecto ás rúas de paso (*regular* 43,64 %, n. 24, *ben-moi ben* n. 24, *mal-moi mal* n. 7) e ás zonas de paseo (*regular* n. 24, *ben-moi ben* n. 24, *mal-moi mal* n. 7), o que é sintomático dunha percepción moderada, que será lixeiramente positiva nos outros tres contextos.

As zonas mellor valoradas a este respecto son o Centro —O Paseo e a Zona Vella— (*ben-moi ben* 52,73 %, n. 29) e as instalacións deportivas (n. 30), cuns valores intermedios á baixa e moi equiparados (ao redor do 31 %, n. 17 e 18, respectivamente); nestes casos os valores *mal* e *moi mal* son máis marxinais, producíndose unhas valoracións negativas baixas, máis no caso das instalacións deportivas (*mal-moi mal* 12,73 %, n. 7) ca no do Centro (16,36 %, n. 9). É nestes dous espazos, coa presenza case continuada doutras persoas, onde se produce un efecto de acompañamento e apoio mutuo.

Gráfica 2.13. Valoración da seguridade no Centro



Índice: 5,95

Gráfica 2.14. Valoración da seguridade en instalacións deportivas



Índice: 6,09

En ningún caso se rexistran valores altamente positivos, e si en todos os casos de valores non predominantes pero si negativos. Chama a atención a diferenza entre a zona Centro e o resto das rúas do municipio, o que apunta a unha fractura espacial entre uns barrios e outros. Tampouco atopamos indicios de diferenzas significativas segundo o xénero, o que indica que máis que un problema de inseguridade, o que hai é un déficit ligado directamente a factores de convivencia máis que a delitos.


Espazos inseguros e seguros

A cada persoa enquisada preguntábaselle por tres lugares do concello que considerase inseguros, volvéndonos a atopar con respostas múltiples que nalgúns casos responden a lugares concretos e noutros a aspectos xerais. Hai pouca recorrencia en todas as respostas posibles (n. 165).

Dado que non dispoñíamos dunha mostra que abranguese á totalidade do municipio non se puido establecer un mapa completo de lugares; facelo suporía obviar determinadas parroquias e barrios e sobre representar outras áreas. Neste sentido, é preciso establecer un plan con cada barrio e parroquia que permita, a través dun contacto directo coa veciñanza, identificar os puntos problemáticos. De acordo cos datos obtidos, si é posible establecer unha serie de parámetros xerais: en primeiro lugar, estarían as zonas atribuídas ao tráfico e o consumo de drogas (por exemplo, Zona Vella tras do Casa do Concello, a antiga Cárcere Provincial), lugares de pouco tránsito e solitarios (calellas, finca da Deputación), zonas mal iluminadas e túneles, así como os derivados dun risco e dificultades para a mobilidade a pé (accesibilidade, beirarrúas en mal estado ou inexistentes, tráfico de vehículos e pasos de peóns).

É moi significativo que a percepción da inseguridade veña ligada ao traslado a pé pola cidade, cando as persoas se senten máis vulnerables na forma de tránsito máis común e complementaria ao transporte motorizado (os traxectos desde os vehículos ata os destinos). Como xa vimos, unha maior presenza de persoas pola rúa reduce a sensación de inseguridade, o que tamén se fará patente con respecto ás demandas en infraestruturas, dotacións e servizos no concello (apartado 6).

Gráfica 2.15. Espazos de tranquilidade




Solicitóuselles, así mesmo, que indicaran o lugar que lles ofrecía máis tranquilidade. É moi significativo, respecto a esa percepción do espazo común, que precisamente os lugares preferidos sexan lugares públicos e de afluencia de xente: *prazas* (20 %, n. 11), *parques* (16,36 %, n. 9) e *rúas do Centro* (14,55 %, n. 8), ao que se podería engadir as *rúas principais* (n. 5). Incluso cando se fai referencia a *barrios ou parroquias* específicas (espazos familiares e recoñecibles onde se desenvolve a vida –n. 6) fórmulase en termos xerais, nesa demanda de presenza de vida, ao que se pode sumar o indeterminado *espazos públicos* (n. 2). Contrastan os baixos valores de espazos pechados, como son o *Centro comercial* (n. 3) ou as *instalacións deportivas* (n. 2), a pesar que volve a existir un número destacado de respostas NS/NC (n. 6), que é sintomático desa ausencia de preferencias e indica un posicionamento neutro (polo tanto sen espazos a destacar fronte a outros). En Ourense hai unha predilección por ese espazo común público e ao aire libre que senta as bases da cidadanía. A rúa está viva e demanda ser vivida.

Os factores da inseguridade

Para cada un dos lugares anteriores podían indicar tres motivos da falta de seguridade: en calquera hora do día, con escuridade ou ausencia doutras persoas. Non foron indicados os motivos en cada caso posible, polo que non é posible facer unha proxección comparativa entre eles.

Gráfica 2.16. Factores da inseguridade



As respostas dadas sobre os momentos nos que os lugares anteriores son considerados perigosos aglutínanse maioritariamente ao redor do epígrafe *con escuridade* (n. 90), seguido da *ausencia de persoas* (n. 74) e finalmente, cun valor relativamente alto, *a calquera hora do día* (n. 55), sen que medie unha circunstancia das indicadas. É relevante a diferenza entre homes e mulleres; para elas o maior factor relativo é a *escuridade* (29 mulleres a 1 home), sendo as proporcións correspondentes a *calquera hora do día* e *sen xente* moi inferiores (6,9 e 6,4 a 1, respectivamente).

A violencia contra as mulleres


Polo que respecta ao coñecemento concreto de agresións a mulleres no municipio, os datos revelan un posicionamento case a partes iguais, sendo moi significativa a constancia efectiva de casos nun número elevado das persoas enquisadas (53 %, n. 29), sobre todo entre as mulleres.

Gráfica 2.17. Coñecemento de agresións a mulleres



Dentro da tipoloxía das agresións, a *sexual* e a *verbal/insultos* (ocupan o primeiro lugar, seguidas pola *violencia física* (18,18 %, n. 10), os *roubos* (n. 7) e as de tipo *económico* (n. 2). Semella que hai unha maior percepción do tipo de agresións de natureza directamente sexual, se ben non se pode esquecer a perspectiva de xénero nas outras dúas.

Gráfica 2.18. Tipo de agresións⁴



2.6. Infraestruturas, dotacións e servizos no concello (IDS)

Hai unha serie de infraestruturas, dotacións e servizos básicos para o desenvolvemento normalizado da vida nunha cidade que abrangue diferentes aspectos, desde a mobilidade ata o acceso dixital, servizos educativos e sanitarios.


Transporte

O primeiro bloque que presentamos corresponde á mobilidade (autobuses urbanos, taxi, transporte privado, bicicleta e a pé —a forma máis estendida e común de mobilidade para curtas distancias e habitualmente a máis común entre ás mulleres, sobre todo nos segmentos de idade máis altos e baixos—).

O transporte urbano público é un elemento central que artella a cidade e permite a todo o público (especialmente ás mulleres e ás rendas máis baixas) poder trasladarse pola cidade e desenvolver a súas actividades con normalidade. Actualmente o transporte público ten unha relevancia especial para acadar espazos urbanos non só máis igualitarios e inclusivos, senón tamén máis sostibles, menos contaminantes e que permiten un uso do espazo urbano máis polivalente. O transporte privado é un elemento máis a ter en conta, pero xa non o eixo sobre o que se organiza as vías de comunicación, o tecido urbano e a dispoñibilidade de espazo público na cidade.

En todos os ítems valorados (horarios, rutas, trato, paradas, sistemas de información, prezo e servizo xeral) movémonos en puntuacións medias non especialmente negativas, pero tampouco positivas, destacando entre elas a referida ao trato.

⁴ Os valores mostrados obedecen a un ítem de resposta múltiple polo que o total de respostas non equivale ao total da mostra.

Gráfica 2.19. Valoración dos autobuses urbanos⁵

Índices. Horario: 5,4 · Rutas: 4,95 · Trato: 6,86 · Paradas: 5,68 · Información: 5,00 · Prezo: 6,09 · Servizo 5,59

- **Horarios:** Neste ítem, o epígrafe *ben* acumula o maior número de respostas (40 %, n. 22), que xunto a un reducido peso do *moi ben* (n. 3), dá como resultado un nivel de satisfacción moi moderado se ten en conta as valoracións relativamente altas en *regular* (29,09 %, n.16) e nas opcións negativas (dous puntos por debaixo, 25,45 %, n. 14).
- **Rutas:** Neste caso os valores son semellantes pero cunha tendencia menos positiva; aquí increméntanse os valores negativos (*moi mal* e *mal* 29,09 %, n. 16), e a valoración *regular* (18,18 %, n. 20) supera nun punto a *ben* e non hai ningunha valoración *moi boa*. Por outra banda, este ítem referido ás rutas foi o que obtivo a peor valoración de todos: un 4,95.
- **Trato:** Non acontece o mesmo co trato percibido do persoal (condutores/as), que contribúe de forma decisiva a acadar os valores máis altos dos sete aspectos tratados (6,86). Dase aquí unha ausencia de valoracións *moi negativas* e unha valoración reducida de *mal* (n. 3), mentres que as positivas conxuntamente superan ás demais (67,27 %, n. 37). Tamén os valores medios, sen seren desprezables, supoñen a metade dos cualificados como *ben* (27, 27 %, n. 15). Cabe destacar que a actitude de condutores/as supoñen un factor determinante tanto do bo funcionamento do servizo coma da percepción por parte de usuarios/os.
- **Paradas:** Coas paradas acontece algo semellante ao visto cos horarios, sendo valoradas dunha forma algo máis positiva, se ben tampouco destaca por valores altos. Na franxa *moi mal-mal* obtense 9 puntos (mellor ca no caso dos horarios); o peso dos valores *regular* (40 %, n. 22) e *ben-moi ben* (43,63 %, n. 24) están moi equiparados, cunha tendencia algo positiva.


⁵ Non se presentan datos desagregados por razón de sexo na gráfica debido a que non existen resultados diferenciais significativos. En calquera caso, informamos que os resultados obtidos na mostra de homes foron (n. 8): Horarios: *Moi ben* (1) *Ben* (2) *Regular* (1) *Mal* (4). Rutas: *Ben* (2) *Regular* (3) *Mal* (3). Servizo: *Ben* (2) *Regular* (5) *Mal* (1). Trato: *Moi ben* (1) *Ben* (5) *Regular* (2). Paradas: *Ben* (3) *Regular* (3) *Mal* (2). Sistema información: *Ben* (3) *Regular* (4) *Mal* (1). Prezos: *Ben* (6) *Mal* (2).

- **Sistemas de información:** Os devanditos sistemas semellan non satisfacer plenamente aos usuarios/as, cun peso destacado dos *regulares* (40 %, n. 22) e dos *bens* (32,72 %, n. 18), pero con valoracións negativas comparativamente altas (27,27 %, n. 15, como no caso das rutas), que ademais gañan peso relativo pola ausencia de valoracións moi positivas.
- **Prezos:** O segundo aspecto mellor valorado é o prezo das billetes (6,09), o que é moi significativo de que as melloras no servizos están en áreas de tipo loxístico e non nos custos. A predominancia dos valores positivos gaña peso (54,54 %, n. 30) a pesar de que as puntuacións moi positivas son escasas (n. 2). Neste sentido tamén cabe destacar a ausencia de moi negativas, relativamente poucas negativas (n. 8), e valores medios discretos pero que matizan o conxunto (30,9 %, n. 17).
- **Servizo:** No ítem que responde a unha visión xeral de todo o servizo reproducese a dinámica dos aspectos anteriores, o que indica tamén a súa relevancia. O peso das valoracións *mala* e *moi mala* é reducido (n. 8), pero non irrelevantes; o peso da franxa intermedia é moi destacable (40 %, n. 22), como tamén a dos positivo, que supera a anterior en dous puntos (43,63 %, n. 24). Unicamente se conta cunha resposta na categoría do *moi ben*.

En síntese, o transporte público urbano obtén en conxunto un aprobado, upado polo trato percibido en condutores/as e polos prezos do servizo.

O servizo de taxi é complementario ao de autobuses e ten unha dinámica propia. A valoración de paradas é maiormente *regular* (60 %, n. 33), cun nesgo positivo (e, en menor medida, moi positivo) de menor incidencia pero relevante (34,54 %, n.19); aquí os valores máis negativos son marxinais (n. 3). Con respecto ao prezo si que hai unha valoración á baixa, na que, na liña habitual co resto dos casos, temos un gran peso de consideracións medias (52,72 %, n. 29), pero superando en conxunto as negativas por 4 puntos ás positivas (20 %, n. 11), cun alto impacto ademais das *moi mal* (n. 7), cun peso moi similar ás *mal* (n. 8).

Gráfica 2.20. Valoración do servizo de taxi⁶



Índices. Paradas: 5,86 · Prezo: 4,59 · Servizo: 6,41

O transporte privado (automóvil) é un tema de moita complexidade, tendo en xeral unha das valoracións máis baixas, sendo por outra banda un dos factores que máis

⁶ Non se presentan datos desagregados debido a que non existen resultados diferentes para homes e mulleres relevantes, no en tanto informamos que os resultados obtidos na mostra de homes (n. 8) foron: Prezo: Moi ben (1) Regular (5) Moi mal (2). Paradas: Moi ben (1) Ben (2) Regular (4) Mal (1). Servizo: Moi ben (1) Ben (5) Regular (1) Mal (1).

negativamente impacta no uso do espazo público. Aquí son necesarias políticas de transporte avanzadas, tendo tamén en conta o papel da cidade como centro de servizos dunha ampla área comarcal e do conxunto da provincia.

En primeiro lugar, o tráfico xeral móvese en valores medios que supoñen a metade das respostas (50,1 %, n. 28), estando as demais repartidas de forma desigual entre as franxas positivas (n. 13, sen valores *moi bo*), e as negativas (n. 14), con presenza tamén de consideracións de tipo *moi mal* que fan inclinar máis a balanza neste sentido.

O problema común do aparcamento está tamén presente na cidade, e de forma moi significativa: reúne o maior número de puntos moi negativos nos tres aspectos (n. 18), que sumados aos negativos (n. 22) superan con creces os dous terzos das opinións (72,7 %), mentres que as valoracións medias (n. 13) ocupan o terceiro lugar e, a moita distancia, sitúanse as *ben* (n. 2), cunha total ausencia das *moi ben*.

O respecto ás normas de circulación, especialmente no aspecto referido a viandantes (p. e. respecto de pasos de peóns), recibe un nivel de satisfacción moi homoxéneo entre os valores negativos, medios e positivos; pero se ben no segmento positivo non se dan valoracións *moi boas*, no negativo as peores valoracións teñen maior peso que as negativas simples (n. 10 e 8 respectivamente), sendo esta unha cuestión de especial relevancia, xa que incide directamente no nivel de convivencia e seguridade no municipio en toda a súa extensión.

Gráfica 2.21. Valoración do transporte privado⁷




Índices. Tráfico: 4,77 · Aparcamento: 2,45 · Respecto: 4,55


A circulación en bicicleta, que comparte espazos directamente cos vehículos a motor e entra en competición con viandantes en paseos e beirarrúas, acumula a valoración máis negativa de todas as formas de mobilidade analizadas (2,68). É tamén a máis prexudicada: é valorada de forma maioritaria *moi mal* (n. 21), ao que habería que sumar a cualificación *mal* (n. 15), aglutinando o 65,5 % das respostas. No tramo medio atopámonos case a mesma valoración que no último epígrafe negativo (n. 14), á vez que no extremo dos positivos non se chega nin ao 10 % (n. 5).

Esta forma de transporte é claramente unha materia pendente atendendo ás valoracións dadas.

⁷ Non se presentan datos desagregados debido a que non existen resultados diferentes para homes e mulleres relevantes, no en tanto informamos que os resultados obtidos na mostra de homes (n. 8) foron: Tráfico: Regular (4) Mal (4). Aparcamento: Regular (1) Mal (4) Moi mal (3). Respecto: Ben (3) Mal (4) Moi mal (1).

Gráfica 2.22. Valoración dos desprazamentos en bicicleta⁸

O traslado a pé, pola contra e de forma moi significativa, é valorado de forma positiva. Isto ten que ver coa existencia de rúas peonís, paseos e tamén cunha estrutura urbana compacta e unha focalización da actividade cotiá en distancia curtas, que cómpre ser intensificada pola súa universalidade, un alto valor para a convivencia (ao fomentar os contacto social) e a súa baixa pegada ecolóxica. Nos extremos negativos sitúanse unha minoría das respostas (n. 8) e tamén os medios son relativamente discretos (27,3 %, n. 15). Os valores positivos gañan aquí terreo (58,2 %), cunha ampla satisfacción e cun nesgo á alza (n. 26 e 6 respectivamente). Mais cómpre non perder de vista que se trata dun aprobado alto (6,18).

Gráfica 2.23. Valoración dos desprazamentos a pé⁹

Valoración de iluminación e limpeza

Na percepción subxectiva da seguridade hai dous elementos que se revelan coma básicos: a iluminación e a limpeza. Ambos os dous son relativos, pero importantes nesa apreciación. A iluminación, ademais de cumprir unha función básica no uso da cidade, tamén está suxeita ao que se entende que pode ser unha iluminación suficiente ou non; isto é, non só a súa ausencia, senón tamén a súa intensidade, o que vai máis alá da súa utilidade obxectiva. Coa limpeza acontece algo semellante. Por un lado, ten un peso simbólico ligado as diferenzas entre barrios e zonas da cidade (quen é mellor ou peor atendido) e, polo outro, contribúe a definir un sentido de urbanidade e vida en común na que todo o mundo se ve respectado e valorado como usuario/a deses espazos públicos (e do que debe ser corresponsable).


A iluminación é correcta en termos xerais, cunha valoración media que vén reproducindo a pauta de moitos dos valores previos (40 %, n. 22), na que a chave haina que

⁸ Non se presentan datos desagregados debido a que non existen resultados diferentes para homes e mulleres relevantes, no en tanto informamos que os resultados obtidos na mostra de homes (n. 8) foron: Boa (1) Regular (2) Mal (3) Moi mal (2).

⁹ Non se presentan datos desagregados debido a que non existen resultados diferentes para homes e mulleres relevantes, no en tanto informamos que os resultados obtidos na mostra de homes (n. 8) foron: Boa (7) Mal (1).

buscar nos valores positivos e negativos. Neste caso, os positivos, sen ser altos, teñen un peso claro entre *boa* e *moi boa* (34,54 %, n. 15 e 4 respectivamente) mais non hai que perder de vista que, sen ser maioritarios, os negativos (*moi mal* e *mal*) suman algo máis dunha cuarta parte das opinións, repartidas de forma equitativa entre as dúas puntuacións (25,45 %, n. 7 e 7). Aquí un aspecto fundamental a considerar podería ser a diferenza por barrios e zonas.

Gráfica 2.24. Valoración da iluminación e limpeza¹⁰



Índices. Iluminación: 5,09 · Limpeza: 6,18


A limpeza presenta puntuacións máis positivas, pero cun peso específico das negativas tamén relevante, coma no caso da iluminación (18,18 %, *moi mal* n. 2, *mal* n. 8). O posicionamento é claro na franxa dos positivos (52,72 %, n. 29), cun peso relativo dos valores máis altos (n.9) que superan ao resto do conxunto, onde os medios corresponden aínda así a un 29,9 % (n. 16).

Valoración de infraestruturas, dotacións e servizos (IDS)

Establecemos tres tipos de IDS: (i) os públicos básicos na vida cidadá, a saber: educativos e formativos, socio-asistenciais, sanitarios, accesibilidade dixital e administrativos; (ii) os de lecer: culturais, deportivos e oferta de actividades; (iii) privados: comercio e bares (como servizos básicos tamén os primeiros, e os segundos pola súa relevancia como espazos de sociabilidade na cidade (vexase no apartado 4: Espazos masculinos ou femininos).

Os IDS públicos básicos ofrecen unha imaxe con certas sombras, na que dous deles superan por pouco os valores de corte (os educativos e os administrativos) e tres quedan por debaixo (os dixitais, os sanitarios e os asistenciais, nesa orde). Tendo en conta a súa transcendencia, non se poden considerar valores positivos en termos xerais, destacando que en ningún dos casos hai valoracións *moi boas*, pero si *moi malas-malas*.

¹⁰ Non se presentan datos desagregados debido a que non existen resultados diferentes para homes e mulleres relevantes, no en tanto informamos que os resultados obtidos na mostra de homes (n. 8): Iluminación: Ben (3) Regular (3) Mal (2). Limpeza: Regular (4) Mal (3) Moi mal (1).

Gráfica 2.25. Valoración dos seguintes IDS públicos básicos¹¹


Índices. Educativos: 5,50 · Asistenciais: 4,86 · Sanitarios: 4,45 · Dixitais: 4,41 · Administrativos: 5,32

- IDS educativos: Os valores medios son maioritarios nun 45,5 % (n. 25), seguidos dos positivos 38,2 % (n. 21), entre os que non se inclúe ningún moi positivo, o que está lastrado polos negativos que inciden á baixa (*moi mal* e *mal*, n. 1 e 8).
- IDS asistenciais: Neste caso os datos son máis baixos, dándose un incremento dos negativos cun total do 23,6 % (*moi mal* e *mal*, n. 3 e 10), un maior peso do medios 52,7 % (n. 29), o que supón un valor preocupante nun área que implica a sectores da poboación máis necesitados de atención.
- IDS sanitarios: Se ben estes non responden á responsabilidade directa do Concello, si que entran dentro da súa área de xestión política e na facilitación de infraestruturas parellas. Os valores mantense por debaixo dos anteriores, destacando que estean causados por un incremento dos máis negativos (*moi mal* e *mal*, n. 6 e 13 respectivamente), que constitúen o 34,5 %, situándose por riba dos valores positivos (23,6 % , n. 11) e condicionando de forma clara os valores medios á baixa 41,8 % (n. 13).
- IDS dixitais: O acceso ás redes de datos xa é unha demanda ineludible ligada á cidadanía activa e ao acceso a múltiples servizos (privados e públicos). Hoxe é inevitable pensar en clave dixital practicamente calquera aspecto da vida cotiá, e máis considerando as tecnoloxías da comunicación. Neste caso, reproducése a dinámica anterior: valores medios cun maior peso relativo (45 % , n. 25) que non son satisfactorios; ausencia de valores moi bos, e os bos cun peso inferior aos negativos (*ben* 20 %, n. 11), *moi mal* e *mal* 34,5 % (n. 5 e 14), con máis de 14 puntos de diferenza. Isto pode indicar demandas de cara ao acceso a redes, calidade do sinal e oferta de servizos dixitais.
- IDS administrativos: Estes acadan —xunto cos educativos— as mellores valoracións, pero sen ofrecer valores que permitan o optimismo, cunha incidencia menor dos negativos, pero destacable (20 % *moi mal* e *mal*, n. 4 e 7 respectivamente); e o resto repartido a partes iguais entre os valores medios e os positivos, cada un con 40 %, e sen ningún rexistro nas puntuación máis altas.

¹¹ Non se presentan datos desagregados debido a que non existen resultados diferentes para homes e mulleres relevantes, no en tanto informamos que os resultados obtidos na mostra de homes (n. 8). Educativos: Ben (2) Regular (5) Mal (1). Asistenciais: Ben (2) Regular (5) Mal (1). Sanitarios: Ben (3) Regular (4) Mal (1). Dixitais: Ben (2) Regular (2) Mal (4). Administrativos: Ben (3) Regular (3) Mal (2).

Destacar aquí as demandas de melloras, que presentan valores, en termos xerais, inversos aos anteriores. As menores demandas danse nos eidos educativo e administrativo e as máis elevadas nos sanitarios, os asistenciais e os dixitais (nesa orde). Percíbense moita e bastante necesidade de melloras, conxuntamente consideradas, do seguinte teor: sanitarios 72,7 % (n. 40), asistenciais 71 % (n. 39), dixitais 63,6 % (n. 35), educativos 60 % (n. 33) e administrativos 47,3 % (n. 26), superando significativamente o 50 %, en case todos eles.


Gráfica 2.26. Necesidades de melloras IDS públicos básicos¹²



Índices (inversos). Educativos: 6,82 · Asistenciais: 7,41 · Sanitarios: 7,64 · Dixitais: 7,32 · Administrativos: 6,32

Os IDS de lecer remítenos ao outro gran grupo central na vida das persoas, cun peso específico e primordial na convivencia e vida en común a través de encontros en grupos de iguais que cumpren unha finalidade en si mesmos. Focalizámoslos en tres IDS de lecer básicos (culturais, deportivos e actividades), que se ben non son responsabilidade exclusiva do Concello, si que xoga un papel primordial, ben sexa como organizador directo en moitas das ocasións, ben como patrocinador ou promotor, ou simplemente ao autorízalas. Tendo ademais en conta o peso das instalacións e os eventos dependentes do Concello, así como na programación cultural (en exclusiva ou en colaboración con outras entidades e organismos) e no propio caso das actividades, o público ten aquí unha fonda implicación.

Gráfica 2.27. Valoración dos IDS de lecer¹³



Índices. Culturais: 5,27 · Deportivos: 5,55 · Actividades: 4,45

¹² Non se presentan datos desagregados debido a que non existen resultados diferentes para homes e mulleres relevantes, no en tanto informamos que os resultados obtidos na mostra de homes (n. 8). Educativos: Algunha (1) Media (2) Bastante (3) Moita (1). Asistenciais: Media (2) Bastante (4) Moita (2). Sanitarios: Media (3) Bastante (4) Moita (1). Dixitais: Media (3) Bastante (1) Moita (4). Administrativos: Media (3) Bastante (4) Moita (1).


¹³ Non se presentan datos desagregados debido a que non existen resultados diferentes para homes e mulleres relevantes, no en tanto informamos que os resultados obtidos na mostra de homes (n. 8). Culturais: Ben (2) Regular (4) Mal (1) Moi mal (1). Deportivos: Ben (4) Regular (3) Moi mal (1). Actividades: Ben (2) Regular (2) Mal (3) Moi mal (1).

A imaxe que nos ofrecen os resultados revela unha desvantaxe da programación de actividades fronte aos outros dous ítems, situándose por debaixo do valor de corte; aínda así os culturais e deportivos superan de xeito moi axustado o corte. Cómpre indicar que neste caso, a diferenza do anterior, si temos algunha puntuación máxima (aínda que escasa).

- **Culturais:** A oferta cultural do concello non depende unicamente da iniciativa municipal, pero si é relevante que esta asuma un papel motor e dinamizador, o que xa se fai a través das políticas de subvencións, ademais das iniciativas propias. A valoración é maioritariamente media 43,6 % (n. 24), cunha tendencia positiva 36,4 % (n. 20), que perde impacto dadas as valoracións *moi mal* e *mal* (n. 4 e 7), que supoñen o 18,2 % do total.
- **Deportivos:** Con valores semellantes aos anteriores, presentan unha imaxe lixeiramente mellor; un 40 % de puntuacións medias (n. 22), valores que case se replican na franxa *moi ben-ben*, cun 41,8 % (n. 23), e unha incidencia dos negativos cun maior peso de *mal* (n. 7) fronte a *moi mal* (n. 3) que o leva a un 18,2 %.
- **Actividades:** A puntuación máis baixa dos tres IDS de lecer débese á elevada porcentaxe dos valores negativos (38,2 % *moi mal* e *mal*, n. 6 e 15), que é semellante á dos valores medios (n. 21). Os positivos (n. 13), cun 26,6 %, non compensan na valoración conxunta uns datos pouco alentadores.

Neste caso as demandas de mellora realízanse na seguinte orde (de maior a menor): actividades, culturais e deportivas, con pesos diferentes: en actividades, a franxa *bastante-moita* chega ata o 61,8 %, cun peso moi destacable das de maior demanda (n. 24, fronte a 11 de bastante). Nas culturais hai certa homoxeneidade entre os valores medios (n. 15) e os negativos por separado (*moita* e *bastante*, n. 16 e 17), situándose todos ao redor do 30 % (de forma agregada os negativos nun 60 %). Nas deportivas é menor, xa que os negativos están definidos por unha maior incidencia de *bastante* 50,9 % (n. 17, fronte a 11 de *moita*) o que arrefría a puntuación. Isto reflicte un déficit claro, en vista das opinións recollidas.

Gráfica 2.28. Necesidades de mellora: IDS de lecer¹⁴



Índices (inversos). Culturais: 6,91 · Deportivas: 6,18 · Actividades: 7,41

¹⁴ Non se presentan datos desagregados debido a que non existen resultados diferentes para homes e mulleres relevantes, no en tanto informamos que os resultados obtidos na mostra de homes (n. 8). Culturais: Media (3) Bastante (3) Moita (2). Deportivos: Algunha (1) Media (2) Bastante (3) Moita (2). Actividades: Media (2) Bastante (2) Moita (4).

Os IDS privados (bares e servizos comerciais), en xeral, incluímos na mesma categoría, xa que se ben son establecementos con produtos diferentes, os dous son de tipo privado e cómpren ademais como espazos de socialización complementarios, aspecto que non hai que esquecer, sobre todo no comercio de proximidade.

Os bares, cafeterías e tabernas son espazos por excelencia de socialización e contacto con outras persoas, aínda que sexa de forma pasiva. Os dous tipos de establecementos comparten unha pauta similar na que a valoración positiva é predominante (*ben* entre 60 % e 58,18 %, n. 33 e 32), cunha tendencia á alza maior no caso dos bares fronte ao comercio (n. 7 e 3). Da mesma maneira, as apreciacións intermedias son de importancia relativa (bares n.12, comercios n.16), pero subsumida a eses valores positivos. A franxa de valores negativos dos bares e comercios é pouco significativa.


Gráfica 2.29. Valoración dos IDS privados¹⁵



Índices. Bares: 6,91 · Comerciais: 6,55

As demandas de melloras son baixas en ambos os dous casos: os bares acumulan os valores máis baixos, cun 49,1 % das respostas, nunha distribución moi homoxénea (*ningunha* n. 14, *algunha* n. 13). No outro extremo os valores negativos ocupan o 12,7 %, cun maior peso específico de *bastante* (n. 5) fronte a *moita* (n. 2). Os valores intermedios sitúanse nun 38,2 %, en segunda posición. Con respecto ao comercio si que hai unha maior demanda relativa, aínda que tamén con valores baixos; así, a necesidade media *bastante-moita* comparte un peso semellante (30,9 % e 29,1 %), pero que segue a ser inferior a dos positivos (*ningunha-algunha*), que ocupa o 40 %. Estes datos contrastan coas reclamacións implícitas aos servizos públicos.

Gráfica 2.30. Necesidade de mellora: IDS privados¹⁶



Índices (inversos). Bares: 3,55 · Comerciais: 4,73


¹⁵ Non se presentan datos desagregados debido a que non existen resultados diferentes para homes e mulleres relevantes, no en tanto informamos que os resultados obtidos na mostra de homes (n. 8). Bares: Ben (5) Regular (2) Mal (1). Comerciais: Ben (4) Regular (3) Mal (1).

¹⁶ Non se presentan datos desagregados debido a que non existen resultados diferentes para homes e mulleres relevantes, no en tanto informamos que os resultados obtidos na mostra de homes (n. 8). Bares: Ningunha (2) Algunha (1) Media (2) Bastante (2) Moita (1). Comerciais: Algunha (2) Media (3) Bastante (3).

2.7. Papel do Concello na convivencia


O Concello revélase coma peza central no seu labor de impulsar iniciativas e dar solucións aos problemas da cidadanía. Así é tamén o que se demanda del, onde se considera que ten *bastante* (n. 21) e *moita* (n. 22) capacidade para mellorar a convivencia, situándose nunha porcentaxe conxunta do 78,2 %, fronte as outras valoracións (21,8 % *suficiente* e *ningunha*). Isto é especialmente relevante cando as problemática detectadas se dan en áreas nas que ten posibilidade de intervención efectiva (tráfico, iluminación, infraestruturas...), polo que a súa intervención é apreciada (e demandada) nestes aspectos que atinxen ao conxunto da poboación local.

Gráfica 2.31. Capacidade do Concello



Tendo en conta as expectativas con respecto ao papel do Concello na súa capacidade de contribuír á convivencia no municipio, e considerando que moitas das cuestións dependen de infraestruturas, dotacións e servizos, é fundamental que existan canles efectivas de comunicación coa administración local coma interlocutora. Neste sentido, as valoracións son negativas e mostran a necesidade de mellorar de forma consecuente neste sentido.

Gráfica 2.32. Intercomunicación do Concello



Un 25,45 % considera que a comunicación é *boa* (n. 14), e cabe sinalar que non hai ningunha resposta na franxa de *moi boa*. *Regular* recolle a maioría das respostas, cun 36,37 % (n. 20), que vén matizado por un amplo espectro de respostas negativas (38,18 %), no que *moi mal* acada incluso un punto máis ca *mala* (n. 20 e 19). A posta en marcha de calquera iniciativa orientada á cidadanía —e máis nunha cuestión na que as percepcións subxectivas e as valoracións son tan importantes, como é a convivencia e percepción da inseguridade—, debe estar baseada nunha comunicación real e efectiva entre as partes, ademais dunha boa política de comunicación.

2.8. A destacar

- A convivencia no concello é valorada de forma relativamente positiva.
- Un 32,73 % das representantes das asociacións enquistadas sinalan que a cidade satisfai en maior medida as necesidades dos homes ca as das mulleres.
- As preocupacións son de amplo espectro pero destacan: a inseguridade cidadá, a limpeza, a seguridade viaria, os espazos de lecer e o ruído, así como o racismo e as desigualdades socioeconómicas.
- Hai unha demanda de máis espazos públicos para a convivencia.
- Dáse unha clara demanda de maior presenza simbólica das mulleres.
- Un factor determinante da percepción de falta de seguridade no espazo público é a iluminación deficiente e a ausencia de persoas.
- Existe unha percepción de violencia contra as mulleres, sexual e verbal.
- Hai unha alta valoración da mobilidade a pé.
- A valoración das infraestruturas, dotacións e servizos básicos é baixa.
- Asíumese que o Concello ten moita capacidade para contribuír á convivencia.
- A comunicación co Concello non é satisfactoria.
- Existe unha alta consideración dos espazos públicos (especialmente prazas, parques e rúas frecuentadas) como lugares de tranquilidade.

3. Informe cualitativo: grupos de discusión

3.1. Deseño

Cuestionario

O deseño do guión nos grupos de discusión con mulleres residentes na cidade de Ourense concibiuse de acordo cos seguintes bloques temáticos:

- Espazos de uso predominantemente masculino ou feminino: detección e necesidades.
- Mobilidade e accesibilidade: transporte público e privado, peonalización, restricións.
- (In)seguridade: espazos públicos, servizos, lecer e violencia. Identificación de zonas e experiencias.
- Sociabilidade, conciliación e corresponsabilidade: valoración.
- Representación simbólica.
- Demandas.
- Mapa: consenso en torno á identificación de lugares (rúas) segundo uns criterios dados (ver anexo II).

A dinámica do grupo de discusión está orientada a creación dun efecto sinérxico entre as persoas participantes no que se expresen non só opinións persoais, senón tamén unha resposta múltiple ás reaccións das opinións dos demais, configurando un clima onde se posibilita a creación dun ideario conversacional en torno os temas a tratar. Os resultados que ofrecemos a continuación constitúen esta visión transmitida polas mulleres estruturada segundo os bloques temáticos analizados.

Mostra realizada

Táboa 3.1 Participantes nos grupos de discusión

CÓDIGO	NÚMERO DE MULLERES	CRITERIOS SELECCIÓN
GD1	5	2 diversidade funcional, 1 inmigrante, 2 sen cargas familiares
GD2	4	1 xubilada, 1 inmigrante, 2 traballadoras en activo

3.2. Identificación de uso e apropiación dos espazos en función do xénero

O primeiro apartado do guión de entrevista buscaba recoller a percepción do grupo en relación coa ocupación dos espazos en función do xénero. Queríamos saber que espazos se perciben como de uso maioritario das mulleres ou dos homes.

As participantes perciben que, claramente, son as actividades de coidado as que determinan o uso do espazo público das mulleres. Este feito exemplifícase nos parques infantís. De feito se percibe que este tipo de parques son escasos na cidade. As cafeterías serían un espazo tamén feminino, fronte aos bares: “aos bares de barrio”. Neste sentido, os baños son un espazo no que se marca o xénero de forma clara e cales son as expectativas para cada un. Tanto os cambiadores para bebés, como as instalacións para persoas con mobilidade reducida están dentro dos servizos das mulleres, non dos homes.

En canto ás actividades, se percibe que as mulleres son as que están nos cursos de formación, mentres que os homes ocupan as canchas e espazos públicos habilitados para a práctica deportiva.

Finalmente, cabe destacar a percepción de espazo feminino ou mixto en función da hora do día; así a luz asóciase con espazos máis frecuentados, con máis tránsito e por tanto máis seguros.

[GD1-5] me llama más la atención por ejemplo es en los baños, que solo haya cambiadores en el baño de chicas, que tenía que haber, por ejemplo, en el de hombres también.

[GD1-2] e cando están adaptados é tamén no baño das mulleres, suele ser compartido

[GD1-5] Non nos encontramos así, por lo menos yo no me encuentro incómoda en ningún sitio, lo que pasa es que hay sitios que frecuentan más las mujeres que los hombres, eso sí (...) y por ejemplo pues también se demandaría eso, que hubiese más parques infantiles, ahí van las mujeres mucho más que los hombres, en las cafeterías porque el hombre va más a los bares de barrio...

[GD1-2] Eso, nos espazos, que están relacionados co coidado, hai mulleres, nos espazos de formación, tamén. (...) me chama a atención é cada vez que vou facer unha formación ou un curso, ou non sei, está cheo de mulleres, [...] nos espazos de deportes hai máis homes, nas cafeterías, nos espazos de ocio hai máis homes

[GD1-4] pero por exemplo co tema do deporte en mente, eu vivo nunha zona da periferia de cidade, que enlaza [...], con un sendero de footing [...] que vai hasta o Miño [...], a presenza de mulleres e homes é diferente en función da hora

[GD1-2] claro

[GD1-4] nas horas máis escuras ou nos días así máis tal, os que corren, os que camiñan, e os que pasean son os tíos, pero durante o día, nos días soleados, son as mulleres

[GD1-4] no paseo da Lonia hasta o Miño vese claramente, pois se é pola tarde ou pola mañá mulleres e homes e tal, pero xa a outras horas solo ves homes

[GD1-2] Pola noite tamén se vas a parada de taxis eso é... todo mulleres

3.3. Mobilidade e accesibilidade

Neste apartado indícanse as achegas recollidas en catro aspectos: o transporte público, o transporte privado, o estado dos espazos públicos e as dificultades para utilizar o espazo público.

As persoas que interviñeron nos grupos de discusión conviñeron en que Ourense é unha cidade que se pode vivir a pé, sempre que se estea no centro urbano e se conte con boa mobilidade, sen carriños, nin cadeira de rodas, etc. O transporte público precisa dunha mellora e inversión para reducir o uso do vehículo privado, que causa problemas de accesibilidade e mobilidade.

As medidas encamiñadas a facer que o Moucho bus pare máis próximo das casas para previr a violencia de xénero non se perciben como axeitadas. A acción parece ser valorada como positiva, pois facilita a mobilidade, pero como medida preventiva da violencia de xénero responsabiliza de novo ás mulleres.

Transporte público

Os autobuses urbanos aparecen como o servizo que podería paliar moitos dos problemas de mobilidade se este funcionara mellor: demándanse máis liñas, entre elas algunha circular, maior frecuencia de autobuses, un servizo de rampla operativo e tamén se indica que sería interesante estender o prezo dos bonos das persoas pensionistas ás traballadoras.

[GD1-5] En el caso de las paradas de autobuses, por ejemplo, hay un problema, porque hay coches que paran allí en la parada de los autobuses y no pueden desplegar la rampla.

[GD1-4] sabes que os autobuses levan tres anos con... moitas ramplas todas rotas

[GD1-5] es un desastre entonces va a subir una persona en silla de ruedas y no puede, porque está el coche allí, [...] porque están las empresas al lado y claro, aparkan las propias empresas y claro, el autobús no puede bajar

[GD2-1] los festivos es fatal, porque uno está ahí media hora esperando el autobús y nada, y dice más 15 y nada (...) A veces non marcan os minutos, y aunque che os marcan non os cumpren

[GD2-1] Para ir a Carrefour, tienen uno que es en el Anpian y esos pasan ...

[GD1-5] El tren que va a las termas, solo hay uno que pasa cada dos horas y solo tiene una plaza para movilidad reducida, y pasa cada dos horas, el otro autobús no tiene ninguna plaza, podían adaptar los dos

[GD2-4] Non hai circunvalación co rural

Especial mención tivo o caso do que se denominou o Moucho bus (bus nocturno para facilitar as saídas das personas mozas, sobre todo, pensando na poboación feminina) e que pon de manifesto a ambigüidade coa que pode ser apreciada unha medida aparentemente ben intencionada pero que pode esconder un afianzamento na transferencia das responsabilidades (dos homes cara ás mulleres, unha vez máis).

[GD1-2] A ver, o Moucho bus, é un autobús nocturno... e, para paliar ou...e, para sí, para facer unha prevención da violencia machista se propuxo ou bueno, se levou acabo, non? (...) que ...ese Moucho bus, se ti eres una muller e tiñas medo, pois que, sin apartarse da ruta, pero poideras dicir, mira, para aquí, que está...cerca da miña casa, e... a min eso me parece.... vamos, o sea... Iso é prevención? O sea que estás apoyando que eu teña medo, o sea estás dando por feito que eu vou ter medo, e... e...favorecendo que? que eu teña medo, non? eso non é poñer, é... eso non é prevención, é culpabilizarnos a nos outra vez do que nos pasa e facer que nos tomemos medias en vez de... non?... promover que os homes non... non sei si me explico. (...)

[GD1-5] sí, sí, un poco es lo que dices tú, a lo mejor, sería bueno que a lo mejor si tu quieres coger un taxi e... poder decir... bueno mire me deja en la puerta de casa y, en alguna ocasión que tengas miedo por lo que sea, cualquier cosa, que no siempre tiene porqué ser así, pero a lo mejor por cualquier circunstancia pasa algo y que pidan un taxi y espere hasta que yo entre o cosas así

[GD1-2] eso que non sexa o taxista o teu agresor.

[GD1-4] claro

[GD1-2] también

O servizo de taxi apréciase como unha opción nocturna de transporte ante a escaseza de liñas nocturnas, pero tamén como unha fórmula de chegar ata a porta da casa.

[GD1-2] Pola noite tamén se vas a parada de taxis eso é... todo mulleres

[GD1-2] eu non creo que sea insegura, o que pasa é que, eu que fun moitas veces pola noite, eu tiña que pasar por alí para ir a casa, agora collo ou se teño que coller un taxi porque non levo o coche collo un taxi porque vivo moi lonxe

[GD1-5] a lo mejor, sería bueno que a lo mejor si tu quieres coger un taxi e... poder decir... bueno mire me deja en la puerta de casa y, en alguna ocasión que tengas miedo por lo que sea, cualquier cosa, que no siempre tiene porqué ser así, pero a lo mejor por cualquier circunstancia pasa algo y que pidan un taxi y espere hasta que yo entre o cosas así

En canto ao servizo público de bicicletas —sistema automático para o préstamo de bicicletas urbanas BICIOURENSE—, sinálanse elementos para a súa mellora, pero tamén

ter uns accesos factibles desde as diferentes zonas cara aos espazos nos que é posible utilizar a bicicleta con comodidade e seguridade.

[GD2-4] As bicicletas, (...) medo as bicicletas. Porque non levan timbre e claro a miña cuestión, personalmente. No escoito, e medo as bicicletas

[GD2-3] A cidade non está preparada para as bicicletas. (...) É un perigo. Eu me plantexaba ter unha bici, para dar un paseo polo río, porque está super chulo, pero me da medo ir dende o Casco Vello, que eu vivo no Casco Vello, hasta o río. Pasar pola carretera me da medo

Transporte privado

O vehículo privado leva alí onde non é viable o transporte público. Ben por pasar por zonas nas que non nos sentimos seguras, ben por non ter un servizo de autobús axeitado en liñas e horarios, ben por ir dun lugar a outro dunha forma segura en horas pouco transitadas. Destácanse os problemas de aparcamento e tráfico no horario de entrada e saída nos centros escolares.

[GD2-4] Si los autobuses eran más de seguido. E outra cousa que, outra distribución, a xente penso que non collería tanto o coche

[GD1-5] hay un problema, porque hay coches que paran allí en la parada de los autobuses y no pueden desplegar la rampla.

[GD2-3] En Ourense hai pouco sitio onde aparcar (...) Y logo os carriles que hai dobre carril, no existe realmente porque todo el mundo para, nun dos carriles entón hai sempre se montan uns atascos (...) sempre digo que aos colexios no se lle debería deixar, o vai en autobús, un autobús que vaia, para repartir os nenos e tal, pero tódolos pais en masa, non poden ir a buscar o colexio en coche, que eso xa tiñan que eliminalo, de entrada

[GD2-4] del garaxe, tamén me paso a mi. Cando chego, abrí a porta y digo: y si entro con el coche y entra alguien detrás. Siempre llevo o móbil para tocar (sic) á miña parella, por si acaso

Estado dos espazos públicos

Aparecen problemas como as beirarrúas estreitas, sen acceso para cadeiras de rodas ou carriños, e con diferentes impedimentos estruturais ou conxunturais como as terrazas. Incídese en que as institucións non sempre teñen ramplas de acceso axeitadas ou as vías de acceso están deterioradas, o que dificulta o uso de determinados equipamentos, como no caso do parque Montealegre.

[GD2-4] as persoas que van en cadeira de rodas, como as beirarrúas non levan rebajes e, son moi estreitas e as pedras que levantan (...) eu penso que máis de unha va a matarse

[GD2-2] E hai centros e hai instituciones ahora empezase a por, entradas para cadeiras de rodas non digamos, pero moitos centros e instituciones que non existían para nada

[GD2-3] y después hai aceras que son moi estreitas e están cheas de terrazas dos bares, que sin cadeira de rodas, realmente o tes complicado ir pola cidade

[GD2-4] O con un carrito de neno

Dificultades de uso dos espazos públicos

Como se viu no apartado anterior, faise mención explícita ás dificultades para acceder a edificios públicos con cadeira de rodas ou carriños. Ademais sinálase que os servizos están en diferentes localizacións, o que dificulta os trámites administrativos.

[GD2-3] Pero si que hai xente que vive nas aforas, nas aldeíñas (...) E eso tamén é parte de Ourense e a esa xente si que lle costa máis.

[GD1-4] había un festival (...) no casco vello, precisamente na zona máis degradada, (...) que se fixo durante seis ou sete anos, e cando chegou este goberno, lles pedían moitísimo diñeiro por facer o festival (...) e así, e non se puido facer, entón marchouse, fíxose en Allariz, en Baños de Molgas e se perdeu o festival.

3.4. Seguridade

Neste apartado salientamos tres aspectos que teñen que ver cos espazos públicos e o seu uso. Por unha parte, podemos identificar a inseguridade e as súas características. En segundo lugar, recollemos as agresións que as persoas que asistiron aos grupos padeceron ou que saben que ocorreron en Ourense. Finalmente, un terceiro bloque o constitúen os feitos de carácter racista na cidade de Ourense. Estes feitos nárranse como habituais e contrapóñense coa idea manifestada de que Ourense é unha cidade segura.

Polo que respecta ás zonas que se asocian coa inseguridade, a valoración de determinados espazos, rúas ou prazas como non seguras vincúlase a prácticas que se realizaron no pasado ou que se realizan hoxe en día (consumo de drogas, alcohol, pelexas, ...), ou ben pola súas características. No primeiro aspecto están tanto as zonas asociadas coa prostitución, como coas drogas ou cuadrillas. Estes espazos están case sempre situados no Centro histórico ou no seu contorno próximo. En segundo lugar, no espazo público asóciase a inseguridade á falta de visibilidade, zonas estreitas, pouca iluminación... Tamén se relaciona coa soidade e a escasa ocupación da vía pública en determinadas horas, normalmente na noite.

[GD2-3] as dez da noite en inverno non ves a ninguén pola rúa. Está moi, moi baleiro (...) Porque estás ti sola, nunha zona. Es que no hai nadie.

[GD1-5] reductos del casco viejo que siguen ligados al tráfico de drogas y espacios públicos demasiado reducidos, que dificultan a los mayores, jóvenes y niños que comparten zonas de ocio.

[GD1-4] antes se chamaba praza dos yonquis pero que se chama Praza da Sal, (...) non hai ningún tráfico de nada e esa zona está moi estigmatizada e entón sí que é certo que a xente de noite e tamén as mulleres, evitan pasar por aí.

[GD1-2] (a Praza da Sal) eu non creo que sea insegura, [...] eu que fun moitas veces pola noite, [...] cando era máis nova e pasaba por alí evitaba, non porque me parecer menos segura senón porque é escura.

[GD1-4] a rúa das prostitutas, lo que hai un estigma terrible, [...] que está vinculado é ao mellor á delincuencia, pero de verdade que a xente que vive, e a xente que temos negocios na rúa Colón que linda exactamente ca rúa da prostitución, non fala da zona como una zona perigosa.

En canto á violencia de xénero, nos grupos de discusión noméanse con frecuencia acosos sexuais na rúa, sobre todo en mulleres inmigrantes de pel negra (algo que se produce diariamente). Coñécense tamén agresións nos espazos públicos ás mulleres. Indícanse tamén situacións violentas na vía pública nas que se vén involucradas.

[GD1-3] y eso pasa todos los días, todos los días [...] por la mañana, por la tarde y a ciertas horas, eso me pasó tantas veces que ya... ya me acostumbré pero sobre todo es por la educación, ¿no?

[GD1-4] [no colectivo feminista] sabemos de varias agresións [a mulleres] e unha foi no Posío, no verán, e o Posío en principio non é unha zona que digas... e outra foi na Alameda [...] aparte tiñan compoñente racista [...] soubemos de varios casos [...] agresións así directas e eran pola zona da Alameda e ao mellor o Barbaña que tamén é un sitio escuro.

[GD1-3] la calle del Jesús Soria, donde está el 24 horas, también hay muchas peleas, en el Couto, sí, muchísimas peleas, los fines de semana la policía tiene que venir varias veces [...] porque allí hay muchos inmigrantes, hay latinos como hay africanos [...] y la gente que está tranquila tiene miedo, sobre todo los sin papeles, que no hicieron nada, que están aquí solamente para trabajar pero, que se encuentran involucrados.

[GD1-5] igual que en el Posío, rumanos.

[GD1-4] tamén pasa moito na Praza das Mercedes, eu vivín xusto na praza [...] é unha zona na que hay navajazos, policía, eu me levantaba cada dous ou tres días pola sirena da policía, na propia Praza das Mercedes, que é xusto donde se sale, da zona de marcha.

[GD2-2] el otro día estaban ahí en el Jardín, o en el Parque, esperando yo el bus, vino la poli local, porque ahí hay una pandilla también de drogatas, (...) Armaron una algarabía, y empezaron a meterse desde arriba (...) no depende sólo de la noche, depende del momento en donde se forme.

En xeral, considérase Ourense como unha cidade tranquila, con altercados e agresións puntuais para a maior parte das persoas, salvo aquelas que presentan trazos distintivos; en concreto, a pel negra determina constantes abusos en todos os planos do espazo público: desde a escola ata á rúa.

[GD1-3] Orense, me gusta para vivir porque es tranquilo, es una ciudad muy tranquila.

[GD2-3] Pero tampoco roubos moi directos, o sea roubos dos que te despistas.

[GD2-1] pero aquí, claro, no aquí, se enseñaba tranquilidad, que uno anda con su bolso como si nada.

[GD1-3] en el colegio sufren los inmigrantes, en el pabellón sufren, en el fútbol sufren y, después los que más sufren son los padres, porque si viene un hijo llorando porque le insultaron en el club, aquí en Oira, [...] la niña que está en el pabellón también.

[GD1-5] del rechazo por el color de la piel y ya está.

[GD1-3] pero a mí sí porque soy una negra, se supone que soy una puta, perdón por la palabra.

[GD1-2] las mujeres la mayoría que están aquí están casadas, son gente que no hace eso [en relación con el estereotipo: inmigrante –prostituta], no sé, pero yo supongo que yo si estoy en la misma calle que esta, a esta no la van a abordar.

[GD1-3] allí van todos los senegaleses porque allí nos juntamos todos, y estamos seguros [...] Yo no dejo a mi hija que tiene 17 a llevar a los pequeños en otro parque. No no, para que venga a decirme que alguien la insultó y que alguien le hizo tal y tal. No, yo prefiero que vayan hasta el Barbaña, donde van todos los senegaleses, allí, por lo menos sé que si les hacen algo, a lo mejor les defienden, tienen quien les defiende

3.5. Espazos e servizos públicos

Neste apartado sinalamos tres cuestións fundamentais para entender as dificultades coas que se atopan as mulleres no espazo público de Ourense. Por un lado, détécense eivas nos espazos públicos que os fan difíciles de transitar e usar. Un segundo aspecto importante é a falta de servizos axeitados para integrar os distintos colectivos e facer grupos de mulleres que poñan en común os seus problemas e retos. En terceiro lugar, achegamos as carencias nos servizos prestados pola administración local. Para finalizar, engadimos un subapartado no que se mostran os elementos positivos que as persoas participantes no estudo identificaron.

Eivas dos espazos públicos

Destaca a necesidade de zonas verdes. Os parques e zonas verdes están infrautilizadas, teñen malos accesos ou os servizos están incompletos. Por outra banda, como xa se indicou, a iluminación aparece como un elemento importante para configurar espazos confortables e que se perciban con menor ansiedade, aínda que iluminar, coméntase, non é a solución para mellorar a percepción da cidade.

[GD1-5] el Posío está totalmente hecho polvo ¿qué parques hay aquí?

[GD2-3] Eu voto de menos máis parques en Ourense, e os parques que hai, incluso creo que teñen moito cemento. Voto de menos como moito céspede. [...] é como unha tendencia, porque por exemplo o parque das Mercedes antes tiña como terra e puxeron tamén lousa.

[GD2-4] es que están destrozando a natura (...). A cidade está feita, non cara o río, non sabe a beleza que es o río e o gratificante es.

[GD2-3] as marxes do río (...) Tamén é verdade que un tempo a esta parte están un pouco máis descuidadas, tamén, que están as herbas altas, que non podes ir, eso está na marxen do río, e antes ibas, te sentabas, aí te tumbabas un rato.

[GD2-4] as papeleiras cheas, rotas, (...) e os baños eses que están en Tinteiro, no, en la Chavasqueira, están pechados (...) Oira está un poquillo máis cuidada.

[GD2-2] as de os Muiños estiveron horribles, na época, non sei si chegaron a solucionalo, pero cuando foi por Semana Santa aquilo daba pena, cuando veu o turismo termal, e tanto promocionan Ourense como turismo termal, aquilo daba asco, meterte alí, detrás do Muíño. (...) non foron limpas en tres meses. Hubo xente que se esnafró e se lastimó.

[GD2-3] Ou por exemplo o parque botánico, que non é parque botánico que agora le chaman el Montealegre. (...) Ese para ir a dar unha volta está chulo o sitio (...) Pero si ves a carretera que chega está chea de baches (...) hasta, non te apetece precisamente porque o camiño é horroroso, hasta chegar alí.

[GD1-4] non é solo iluminar, porque [...] penso no medioambiente. Eu ao lado da miña casa non quero ter luces todo o día, porque cando é noite, está ben que esté máis oscuro [...] é que eso é imposible, como facemos un paseo de 14 km seguro e iluminado durante toda a noite, eso no hay quien lo pague [...] si que creo que estaría ben que se intentara iluminar en los puntos negros que ten a cidade

Percepción de segregación no acceso aos espazos públicos

Sobre os espazos de lecer destaca a percepción de segregación e con ela subxacen os estereotipos. Segregación, estereotipos e discriminación son percibidos nos espazos públicos. Os datos indican tamén que, para que as persoas fagan uso dos centros cívicos, fóronse instaurando nos últimos anos protocolos burocráticos de permisos e taxas que fan máis complicado que a cidadanía e as asociacións poidan solicitar este espazos para reunións, actividades, etcétera. En definitiva, percíbense impedimentos de acceso aos servizos públicos e a calidade de estes.

[GD1-4] En Ourense, en verano tes que estar todo o día na piscina porque morres de calor,... e que á semana, pode ser moita pasta [...] claro, pero entón nas zonas públicas segréganse aí por clase, y entonces el que más tiene va al Pabellón más bonito, y el que no, pues a la piscina pequeña. Eso nos pasa en Oira, que nos privatizaron la piscina y ahora, ¿quién está en la de fuera? ¿e por que a xente non quere ir ás de fora? porque están as migrantes, as non sei que, aí si que hai mogollón de razas [...] non podes ir ao churrasco porque están los rumanos y no puedes ir a los no sé qué porque están los no sé cuánto, ahí sí que se ve mogollón de racismo, nese espazo.

[GD1-3] Y yo para evitar eso (o racismo e o pago de 5€) tengo que subir hasta Monterrei [...] allí estoy tranquila [...]

[GD1-2] pero claro, estamos en la misma, no valen 5 euros pero valen 2 y pico, casi tres.

[GD1-4] esta cidade non ten escolas deportivas municipais. [...] Entonces e hai que ir ás privadas e hai que pagar todo.

[GD1-3] Para mí, las deportivas había que subvencionar más y ayudar a las familias, porque yo, que soy familia numerosa, gasto muchísimo en eso, en el pabellón, el fútbol, la piscina [...] entonces tengo que sacrificarme [...] El ayuntamiento podría hacer muchísimas cosas, porque hay muchas familias, que sí querrían que sus hijos lo hiciesen, pero no pueden, porque no tienen los medios.

[GD2-3] coñezo xente que entrena en equipos e ten que alugar os pavillóns para entrenar a colexios privados.

[GD1-4] nos centros cívicos están cedendo espazos que tu podes pedir para facer unha actividade pero non están habitados polos colectivos, están xestionados desde o concello, [...] non podo guardar material, non podo vir asiduamente mais que pedindo permiso para ter una reunión [...] cada vez que quixemos votar para adiante, fóra, non podes pedir permisos, se pides permiso, tes que pagar (...) que piden taxas por ocupación aos colectivos sociais. Eu non digo, ás empresas que pagan muito por ocupar o espazo, pero por facer... a nós case nos impiden facer un San Xoán, por exemplo, que é una festa da asociación cultural que sí é bastante integradora porque ven xente do barrio, do Posío, e tal, e nos impediron porque nos querían cobrar no sé cuanto para poner alí unha parrilla.

Eivas nos servizos e actividades levadas ao cabo pola administración municipal

[GD2-3] porque está a Casa da Xuventude que funciona fatal, realmente non hai oferta de nada y luego como os que fan centros sociais pensados para personas maiores.

[GD1-5] yo también creo que también é a política que fai o Concello de convivencia, entre diferentes grupos, é moi extraña, [...] o que organiza o concello es la rola este gastronómico, no que a xente de Ourense, blanca y europea occidental, vamos a visitar casetas de diferente xente doutras partes do mundo, iso non é convivencia, eso es casi... bueno... non sei como chamarlle a eso [...] pensó que tería que facer unhas actividades que foran algo máis integradoras.

[GD1-2] no barrio do Couto, pois si que hai moita poboación estranxeira e que pasa? que, como a xente non quere convivir, en certas zonas empézanse a desvalorar, a perder valor os pisos ... se poñen máis baratos, a xente inmigrante vai, se crea como un gueto e se os nenos van ao mesmo colexio e, ao final, que temos? segregación. [...] non hai conexión entre os colectivos, hai moi pouca conexión,... non hai actividades nas que todas participemos.

[GD1-4] incapacidade para planificar políticas de igualdade, porque ao goberno do PP non lle interesa, [...] nunca foi unha maravilla, pero bueno, mal que ben si que había una planificación anual.

[GD1-2] A ver, o Moucho bus, é un autobús nocturno e, para facer unha prevención da violencia machista se propuxo, ou bueno, se levou acabo, que ese Moucho bus, se ti eres unha muller e tiñas medo, pois que, sin apartarse da ruta, pero poideras dicir: mira, para aquí, que está cerca da miña casa. [...] Iso é prevención? O sea, que estás apoyando que eu teña medo, estás dando por feito que eu vou ter medo [...] eso non é prevención, é culpabilizarnos a nós outra vez do que nos pasa e facer que nós tomemos medidas en vez de promover que os homes, non sei si me explico?

Servizos e espazos positivos na convivencia

[GD1-3] os trámites administrativos también, bien, se hacen muy rápidamente, a lo mejor porque es una ciudad muy pequeña.

[GD2-4] Ourense es unha cidade preciosa que podes caminar, que a xente trátate de marabilla, lo digo como persoa de fóra.

[GD2-4] Me gustan en inverno, e a Outariz vou caminando, porque es una pasada, bueno, os paxaros, todo.

[GD2-3] Hubo un tempo que estaba xestionado por (...) Aspanas que fue cando mellor funcionou.

[GD2-3] a mi si me gusta, moito o Casco Vello, pero, porque me gusta moito pasear por alí.

3.6. Sentimento de inseguridade, o medo

Hai determinados elementos que se reiteran como configuradores dun espazo que se percibe como hostil. Xa se indicou no primeiro apartado desta análise unha boa parte deles. Neste apartado recóllense algunhas declaracións sobre aquilo que configura o medo, un sentimento de inseguridade que atravesa o cotiá da vida urbana en Ourense.

En xeral parece que hai acordo en que a falta de tránsito de persoas, xunto coa escuridade, a escasa luminosidade e a noite, fan que nos sintamos inseguras ou nunha zona onde estamos en perigo. Semella que é máis o feito de estaren soas, que a escuridade ou a hora. Polo tanto, maniféstase nos grupos de discusión que facilitar que no espazo público se poida ter unha visión clara e estar con outras persoas no mesmo espazo é determinante para sentirnos máis seguras.

[GD1-4] Na Praza da sal nós [...] facemos moita vida alí [...] non é una zona insegura, o que pasa é que hai moito estigma.

[GD1-2] e é oscura, iso é verdade [...] eu subía por Cabeza de Manzaneda, que tampouco, a ver, polo tema da iluminación, non porque tivera ningún

prexuízo de pasar por alí, pero é verdade que por aí non hai nin Dios, a partires das tres da mañá [...] é máis un tema de que non hai ninguén, son rúas estreitas, son rúas escuras, e entón date máis seguridade, aínda que des un pouco de volta, ir por Cabeza de Manzaneda que é una rúa máis ancha, onde hai máis xente.

[GD1-4] dende hai moitos anos na cidade que reclaman espazos públicos nesta zona, para levar máis xente [...] para levar máis luz, outra dinámica e acabar co estigma da zona vella.

[GD2-1] Ahí se acuestan a dormir y me daba mucho miedo, y no quería bajar por el otro lado, por el parque San Lázaro, por no pasar por el parque San Lázaro a esa hora, (...) y pasé miedo por ahí, pero nunca me paso nada grave.

[GD2-4] a ponte romana, que ahora levaron las farolas de arriba y está todo por baixo, e ti vas pola ponte, e non ves quen chega e non ves a xente que ven.

[GD1-5] yo pensé que no había seguridad por algunas zonas del casco, y sobre todo cuando no hay gente. El túnel que hay bajo las vías, porque está muy oscuro, el entorno de la estación de San Francisco, eso a cualquier hora del día.

[GD2-4]: Pero si, pero si sentín moito medo un día, eh, fa, fa, fai pouco agora cando operaron do pé, cogí o autobús e fuí a Oria, con un libro, collí, e pues a min, gústame mo, mo, moito Oira nas árbores, así, non puido ler, tuve que ir, estaba soa, deume un pánico horrible, horrible.

3.7. Demandas

Recolléronse diferentes demandas, suxestións e opinións para fomentar a convivencia e sociabilidade no espazo público.

En xeral, podemos agrupar as achegas en dous aspectos. O primeiro, sobre as infraestruturas dos espazos públicos, tería que ver coa dotación dos equipamentos, o estado das rúas, a iluminación, baños públicos, papeleiras, etcétera. Elementos que se suxiren para facer a cidade máis axeitada aos usos que se lle dá ao espazo público. Un segundo grupo de achegas ten que ver cos servizos e coa dinamización da cidade, a verdadeira forma de prevención que se plasma en locais e actividades que fomenten o coñecemento, a convivencia e a educación.

Finalmente, en relación coas agresións, o que se pon de manifesto é que as mulleres non son as que debemos cambiar os nosos hábitos, rutas ou comportamento. Si se esixe máis educación na prevención da violencia de xénero e no racismo.

Infraestruturas

[GD2-1] A mí me gustaría que le pusieran un poco de cuidado al parque Barbaña [...] porque es una pena porque era muy bonito y ahora está, lo tienen descuidado.

[GD1-2] as rúas anchas, tamén cando fas unha rúa ancha e deixas de ter ese parking aos dous lados, sabes? Que sí, que é verdade que fai falta sitios donde aparcar [...] sí solicitaría yo que ... en la educación, en los colegios, tuvieran más charlas, educar más a los niños, sobre la gente que vino de fuera, desde fuera y que están aquí la mayoría para trabajar, porque hay muchísimo racismo .

[GD2-4] Si, más luz, luz.

[GD2-2] Máis puntos de luz (...) de descanso, también (...) Unos banquiños (...) Y los baños también.

[GD1-5] Iluminar más, que haya mucha iluminación, e... pues si una calle está oscura, ilumínala mucho.

[GD2-1] Los baños, la última vez que fui por ahí, había una fuentecita para uno tomar agua.

[GD2-3] Y papeleras.

[GD2-4:] Están todas destrozadas

Locais servizos e actividades

[GD1-4] o que fai falta é unificación [...] así que é certo que hay que falarlle ás vecinas e decirlle: hai que cuidar máis unhas das outras tamén. Un discurso de que no espazo público estamos todas, si lle está pasando algo a alguén, en vez de meterte en tu casa, en vez de mirar para otro lado, en vez de largarte de alí; Oye! bota unha man, porque no paseo das Ninfas, que vamos, a poñer as luces dos aeroporto, para que?

[GD1-5] que trabacen en conxunto, en algo conxuntamente, no hay, tenía que haber una especie de convivencia conjunta entre diversos colectivos, algo así [...] non hai un espazo compartido no que tu digas, bueno, como hai ese espazo, alí me podo reunir, podo ir a facer as actividades, [...] podo ir a guardar o meu material.

[GD1-2] esos espazos [...], como unha casa das mulleres, entón, claro aí che poden entrar sinerxías, intercambiar [...] que dende o Concello simplemente con que non se arremetera contra movementos feministas xa era unha medida estupenda.

[GD1-4] si tivéramos algún servizo público, algún parque, ou outro pabellón deportivo noutra zona, non? que houbera máis xente movéndose, pois estás máis segura.

[GD1-2] A rúa Colón, dende que ten o centro cívico alí

[GD1-4] é moito menos insegura porque entra xente, van a guardería, van a ler os libros.

[GD1-2] sí sí, eso está claro, que cambia moitísimo, se pode revitalizar certos puntos.

[GD1-5] claro [...] que hubiese más centros cívicos también estaría bien, que hay varios... (..) Y a lo mejor también tendrá que haber más centros de día porque eso afecta mucho... Porque la gran parte de las mujeres son cuidadoras, entonces bueno, pues también yo creo que es importante [...] también se demandaría eso, que hubiese más parques infantiles, ahí van las mujeres mucho más que los hombres.

[GD2-3] unha guardería, incluso que esas persoas que son as maiores se poderan adicar tamén no, a compartir tempos a mocidade e os nenos y as personas maiores no mesmo edificio.

[GD2-2] En cada, por exemplo, en cada barrio, que houbera, xa hai polideportivo, pero están máis centralizados, debía haber máis diseminados por barrios. Por exemplo, hai aí en la zona Carmelitas teñen os dos colexos, pero non hai así, si queres tes que os ir pagando.

[GD1-5] De violencia de género para los hombres, por ejemplo, más formación.


3.8. Mapa

Recollemos as zonas, rúas ou prazas nomeadas explicitamente nos grupos de discusión. Seguindo a listaxe apréciase un grande volume de lugares identificados como inseguros, mais se nos detemos veremos que moitos deles tamén son anotados como zonas de ocio ou seguras. Como se ve nos distintos apartados da análise cualitativa do grupo de discusión, a cuestión non é tanto mapear unha zona como perigosa, senón que todos os espazos son susceptibles de seren considerados inseguros en función dos diferentes usos, en función das horas, da iluminación, da cantidade de transeúntes, etcétera.

Establécense así tres categorías de lugares: INSEGUROS, DE LECER e SEGUROS/TRANQUILOS (véxase o mapa 1 de seguido).

Mapa 3.1. Lugares inseguros, de lecer, e seguros e tranquilos¹⁷

Inseguros (A-R) · De lecer (1-9) · Seguros, tranquilos (I-IV)



¹⁷ Índícase a continuación o código no mapa de cada localización.

Lugares inseguros:

- San Cosme (A)
- Hernán Cortés (B)
- Praza San Marcial (C)
- Jesús Soria (D)
- Posío (E)
- Praza das Mercedes (F)
- Centro histórico (G)
- Parque de San Lázaro (H)
- Rúa Liberdade (J)
- Praza do Sal (K)
- Alameda (L)
- Baixos da Alameda (M)
- Contorna da Estación de San Francisco (N)
- Rúa Concordia (O)
- Parque Miño (P)
- Parque da Rúa Virgen de Fátima (Q)
- Ponte romana (R)

Lugares de lecer:

- Oira (1)
- Montealegre (2)
- Monterrei¹⁸
- Chavasqueira (3)
- O Tinteiro (3)
- O Muíño (3)
- Paseo das Ninfas (4)
- Parque Barbaña (5)
- Centro histórico (6)
- Parque de San Lázaro (7)
- Paseo do Loña (8)
- Pavillón (9)

Lugares seguros, tranquilos:

- Barrocás (I)
- Zona de casas próximas á Finca Fierro (II)
- Parque de San Lázaro (III)
- Cabeza de Manzaneda (IV)

¹⁸ Non se recolle no mapa Monterrei ao localizarse fóra da área. As zonas termais indícanse todas co mesmo código ao integrarse na mesma área.

3.9. A destacar

- As mulleres perciben claramente unha segregación do uso do espazo público tendo en conta a actividade que se leva a cabo nel e a hora do día en que se ocupan: os coidados, no caso das mulleres, de día (parques e escolas infantís, sobre todo), e o deporte e o ocio, no caso dos homes, no solpor (pavillóns e bares de barrio).
- Existen moitas deficiencias no transporte público e un uso desorganizado do vehículo privado e no acceso ás instalacións municipais: o bus urbano posúe poucas liñas e non están adaptadas para as persoas con disfuncións físicas (especialmente relevante no caso de rúas céntricas); non se prevé unha ordenación do uso do coche en zonas e horarios especialmente sensibles (entrada e saída dos centros escolares) e moitos edificios públicos posúen barreiras arquitectónicas (dificultade engadida para acceder con cadeiras de rodas ou con carriños).
- A maior parte dos lugares son considerados seguros ou inseguros dependendo da hora do día (escuridade ou non) e da presenza ou non doutras persoas. É destacable que, aínda que se percibe Ourense como unha cidade especialmente tranquila, convívase con resignación co racismo: as persoas afectadas optan por non saír/moverse da súa zona/barrio, onde son coñecidas e concéntranse ou agrupan en determinados lugares.
- O acceso aos espazos de lecer percíbese nos últimos anos moi restritivo: tanto nas instalacións deportivas (con taxas inasumibles para familias de poucos recursos) e cívicas (con protocolos burocráticos que dificultan o seu uso e desfrute).
- As demandas manifestadas polas mulleres participantes virían corrixir as eivas sinaladas: mellores accesos e democratización do uso das infraestruturas municipais.

4. Informe cualitativo: entrevistas

4.1. Deseño

Guión

A análise das entrevistas en profundidade realizouse en dúas etapas:

1. Análise textual: na lectura total das entrevistas constátanse os tópicos presentes na pauta dos bloques temáticos do guión estruturado. Con estes conceptos achados elaborouse unha malla temática (codificación formal) dende a cal se estableceron os eixos básicos cos cales organizar as unidades de análise do texto ou do enunciado (codificación textual).
2. Producción conceptual: derivada desta codificación textual establécese unha análise cos conceptos dotados de significado asociados aos campos semánticos máis utilizados pola persoa entrevistada, establecendo categorías de relación no corpus textual.

Deste xeito, quedan articuladas a liña de pensamento e as prácticas verbalizadas que identifican a visión das persoas entrevistadas respecto dos temas a tratar en cada apartado. Os contidos identificados preséntanse de seguido.

Mostra realizada

Táboa 4.1 Participantes nas entrevistas en profundidade

CÓDIGO	ACTIVIDADE LABORAL	IDADE	CRITERIO DE SELECCIÓN
E1	Xerocultora	42 anos	Con cargas familiares
E2	Técnica de inclusión	37 anos	Con cargas familiares
E3	–	38 anos	Diversidade funcional
E4	Comerciante	58 anos	Sen cargas familiares.
E5a	Traballo por horas	–	Inmigrante. 13 anos en Ourense.
E5b	–	–	Inmigrante. 9 anos en Ourense
E6	Traballadora activa	41 anos	Con cargas familiares

4.2. Descrición e valoración da vida en Ourense

Neste apartado explóranse aspectos de convivencia veciñal e a detección de espazos masculinos e femininos por parte das entrevistadas.

Convivencia veciñal

A convivencia veciñal é ben valorada, destacando aspectos como familiaridade, amabilidade e solidariedade entre a veciñanza. As entrevistadas detectan un maior uso, por parte das mulleres, dos espazos públicos ligados aos roles comunitarios e de coidados, como son as asociacións veciñais, os parques infantís e o mercado.

O esforzo institucional de cara á loita contra a violencia de xénero e o apoio ás familias con baixos recursos económicos, a familiaridade e o respecto cara ás persoas maiores e aos/as nenos/as, a boa experiencia de acollida e integración social das persoas de orixe estranxeira, así como a existencia de espazos e actividades públicas, son as principais variables identificadas polas entrevistadas para a valoración positiva da convivencia veciñal na cidade.

[E1] Eso sí que... pero por lo demás creo que hay una buena convivencia. Sí, sí, hay mucho respeto... ehmm... No sé, hay mucha colaboración de entidades, incluso de la Xunta, por parte de la Xunta. Se implican mucho con familias con problemas económicos o en violencia de género. Hay mucha, hay bastante implicación, creo yo. [...] Y con respecto a los mayores, se mira mucho por ellos. Creo que hay bastantes parques y bastante actividades para los niños, también se mira mucho por los niños. [...] (En referencia ao paseo Barbaña) Sí, no. Creo que hay buena convivencia entre personas mayores, niños y ciclistas... Hay bastante respeto.

[E2] entonces na miña zona a convivencia é boa. [...] En xeral, é boa, é unha zona muy familiar digamos é a zona da Milagrosa. [...] Si, en xeral a convivencia é boa, bueno, de día, de noite fai moito tempo que non teño vida nocturna pero, pero de día en xeral a convivencia é boa, si.

[E5b] ehh yo creo que la convivencia es buena, noo, en ningún momento me he sentido discriminada o mucho menos, no, en ese sentido me he sentido aceptada y me he integrado bien

[E5a] la gente es muy amable, es muy amableee, a veces le regala a uno cosas sin conoserlooo, ehh habrá un caso en exsepsión pero normalmente es unaaa personas asequible [...].

[E6] Bueno, si tenemos que ponerlo por ejemplo de 1 a 10, yo pondría un 7 [...] Yo creo que, eh la convivencia está bien, dentro de que todo es mejorable, ¿no? [...] yo creo que es una ciudad tranquila, una ciudad donde, en que se encuentra todo fácilmente, y bastante, bastante, fácil, accesible.

Espazos masculinos/femininos

Os espazos ligados aos roles comunitarios e de coidados son identificados, pola súa ocupación principalmente, como espazos femininos. Por outra banda as termas, o

paseo do río e as cafeterías próximas ás áreas escolares son espazos de ocio nos que se indican unha maior presenza de mulleres.

Así mesmo, as mulleres entrevistadas detectan como espazos masculinizados as canchas deportivas, especialmente o campo de fútbol, así como a barra nas cafeterías e bares. Así, un mesmo espazo, a asociación veciñal, pode ser identificado como masculino ou feminino en función da actividade: aquelas que promoven o benestar comunitario e/ou os coidados para as mulleres (teñen maior presenza), e as actividades vencelladas ao ocio (vg. xogar a partida) para os homes (quen ocupa o espazo). Un mesmo lugar tamén pode ter un uso xeralmente masculino ou feminino en función da hora; así, o paseo do río, empregado durante o día polas mulleres, ao caer a noite é de uso case exclusivo masculino. Este último aspecto ten relación coa percepción da seguridade nos espazos públicos por parte das mulleres, que será tratada posteriormente.

Espazos femininos...

[E1] Bueno, no sé, yo estoy dentro de una asociación de vecinos, no es de mi barrio, es del barrio de al lado. [...] Sí, veo que hay más implicación de mujeres. En otras asociaciones también veo que hay bastante más que hombres. [...] Yo el que veo es en las termas. En las termas sí se ven muchas reuniones de mujeres. [...] Hay cafeterías. Cafeterías donde normalmente hay más mujeres [...] cerca de colegios.

[E2] Ben, e nas plazas si te refieres a ir a mercar e así, bueno, hum, eu creo que si, que se siguen vendo máis mulleres que homes [...] sobre todo na xente maior si que ves sempre ás mulleres comprando

[E3] Mujeres en los parques, en el supermercado, como que la mujer, sigue estando aún presente el estereotipo [...].

[E4] las asociaciones de vecinos yo creo [...] sí, sí, yo la poca experiencia que tengo porque bueno en alguna también participo, eeeh, no sé por qué, será por la actividades a lo mejor, no lo sé, pero normalmente van muchas más mujeres que hombres.

[E5a] [En referencia aos parques] pero más mujeres veo siempre salir con, con loss, con los niños [...] en la compra se ven más mujeres, sí, sí.

[E5b] [...] se ven más mujeres también en el aspecto deeee salir a caminar eso, por el paseo que a veces nos vamo se ve mucha, mucha mujer yo diría que más que hombres, caminando.

Espazos masculinos...

[E2] [...] Y no momento en que, en que bueno pues as mamás nos empezamos a facer socias porque bueno, pos no barrio non había nada y si que che apetecía pues eso, pues pedir algunha cousa e que houbera actividades non, entonces realmente as cinco mamás pringadas, dámosllo masticado o señor presidente, para que o leve o concello e nos pida as actividades, eh, pois eso, nese espacio masculino, retomo o de antes, eran pois os seis, sete o oito señores que van a xogar a partida e, no inverno, nós falamos co presidente por si

